Eximimos polas razóns expostas previamente transparencia e explicacións á Secretaría Xeral para o Deporte e, por tanto, á Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes do Goberno galego.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal é o motivo de a Secretaría Xeral para o Deporte entregar diñeiro público para a celebración do Ouren Sound Fest?

- Como xustifica a Xunta de Galiza este gasto?

- Non considera o Goberno galego que o deporte no noso país precisa de máis axuda económica por parte do Executivo?

- En caso afirmativo, cal é a razón de non axudar máis economicamente o tecido deportivo do noso país?

- Ten pensado a Secretaría Xeral para o deporte repetir este tipo de entregas de diñeiro público no futuro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:54:00
Nº Rexistro: 46754
Data envio: 20/01/2026 11:54:00.751

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 11:53:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 11:53:21

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 11:53:27

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:54:02**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:04:04
Nº Rexistro: 46757
Data envio: 20/01/2026 12:04:04.055

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a falta de transparencia da Xunta de Galiza respecto dos problemas de Cometa e dos erros de funcionamento das pulseiras telemáticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o Bloque Nacionalista Galego a violencia machista é un problema de máxima importancia política. É por iso que ante o coñecemento de distintos fallos no sistema COMETA ou en VIOGEN ten impulsado iniciativas de distinta índole nas diferentes institucións.

Máis recentemente, ao coñecer a finais de 2024 distintos problemas nas pulseiras de control telemático impulsou iniciativas ao respecto no ámbito do Estado, por ser as institucións responsábeis institucións estatais. Coñecido no mes de setembro de 2025 informacións a través da Memoria da Fiscalía de 2024 que confirmaban consecuencias graves e negativas toda vez que se perderon elementos probatorios determinantes para os procesos xudiciais, o BNG intensificou a súa obriga de control institucional e rexistrou iniciativas no ámbito do Estado. Así mesmo, rexistrou iniciativas para fiscalizar de que maneira e en que momentos a Xunta tivo coñecemento destas problemáticas, toda vez que se coñece que distintas fontes xudiciais puxeran en coñecemento das institucións esta cuestión.

Porén, como vén sendo habitual, o goberno galego remitiu unha "non resposta" na que responde unha soa das preguntas formuladas e se parapeta no pronunciamento, serodio, do Observatorio Galego, que nin sequera se reunira para tal efecto até que este



Asinado o día 20/01/2026 ás 12:03
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:03
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Grupo Parlamentario preguntou por escrito se había algunha valoración e alguén no goberno galego debeu reparar en que tiña un organismo que podía convocar e consultar.

Compartimos a preocupación e medidas que pide o Observatorio, e que a Xunta de Galiza nin sequera é quen de transcribir adecuadamente con erros no vocabulario, mais insto non aclara as cuestións que solicita este grupo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Comunicou a Xunta de Galiza ao goberno do Estado problemas de funcionamento no novo servizo de pulseiras de control telemático para a protección de vítimas de violencia machista?

En que data e por que medios?

Que problemas sinalou?

Que actuacións elaborou ou vai elaborar a Xunta para abordar ou estudar a falta de cobertura desde os instrumentos de autogoberno que ten en materia de telecomunicacións e tecnoloxía? Cónstalle que permanezan estes problemas? Ten diagnosticado en que zonas?

Vai aumentar o goberno galego o persoal do IMELGA para que poida haber valoracións forenses e psicosociais complementarias a VIOGEN e mellorar a posta en marcha de medidas de protección?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:04:04
Nº Rexistro: 46757
Data envio: 20/01/2026 12:04:04.055

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 12:03:18**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:03:28**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:04:04
Nº Rexistro: 46757
Data envio: 20/01/2026 12:04:04.055

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:04:04**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:12:04
Nº Rexistro: 46759
Data envio: 20/01/2026 12:12:04.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:11
Por Noa Presas Bergantiños

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a memoria das mulleres e o "Patronato de Protección a la Mujer".

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:11
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A represión das mulleres foi un dos signos de identidade da Ditadura franquista. As mulleres sufriron os mesmos tipos de represión cós homes: asasinatos, condenas de cárcere, agresións físicas, represión laboral, multas, desterro e exilio. E, a maiores, o réxime desenvolveu formas específicas especialmente crueis para perseguir, reprimir, torturar e amedrentar as mulleres, castigos con fortes tintes machistas como violacións, agresións físicas e psicolóxicas, rapado do cabelo, tatuaxe da pel, inxesta de aceite de rícino, exhibicións públicas…

En realidade podemos dicir que todas as mulleres foron vítimas do franquismo, por configurar un sistema político, social e moral profundamente machista e misóxino, que eliminou numerosos dereitos e estableceu normas morais e roles de xénero que restrinxiron as liberdades das mulleres e que as recluíu no espazo privado, no papel de nais e esposas. Neste profundo retroceso político e social xogaron un papel especialmente relevante a igrexa católica e organizacións como a Sección Feminina.

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:11
Por Luis Bará Torres

2.Dentro desta deriva retrógrada, reaccionaria e misóxina, a Ditadura ideou institucións dedicadas especificamente a recluír e castigar as mulleres por razóns morais e de orde sexual. É o caso do Patronato de Protección de la Mujer e a Obra de Redención de Mujeres Caídas. O Patronato foi creado por Decreto do 6 de novembro de



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1941 e mantívose en activo até o ano 1985. No ano 1983 produciuse o traspaso da súa xestión á comunidade autónoma galega.

*En 1983, por real decreto, BOE del 14 de noviembre, se ordena el traspaso de Funciones y Servicios de Administración del Estado a la Comunidad de Galicia en materia del Patronato de Protección a la Mujer". Firman dicho traspaso de funciones : José Elías García y MARIANO RAJOY BREY (entonces secretario de la comisión mixta prevista en la disposición transitoria cuarta del Estatuto de Autonomía de Galicia).*

O obxecto do Patronato era "redimir a muller caída e axudar á que está en perigo de caer". Para desenvolver os seus fins creou unha estrutura estatal (Junta Nacional, presidida por Carmen Polo) e provincial (Juntas Provinciales, das que formaban parte as elites políticas e sociais), e un sistema de vixilancia e de reclusión para encerrar, castigar e adoutrinar as mulleres que non cumprían as ríxidas normas morais impostas polo nacionalcatolicismo.

O sistema de vixilancia e control establecido polo Patronato constituíu un auténtico cárcere da moral na que se recluía a mulleres entre os 16 e os 25 anos, sen ningún tipo de garantía xurídica, por razóns como ter relacións sexuais hetero ou homosexuais, practicar a prostitución, consumo de estupefacientes, frecuentar determinados lugares que non se consideraban apropiados, e, en xeral, por "desviarse" das condutas que o réxime establecera como exemplo de moral feminina.

Como lugares de reclusión estableceuse unha rede de "casas de acollida", rexentadas por congregacións relixiosas como as Adoratrices, as Oblatas, Terciarias capuchinas, Cruzadas evanxélicas, Trinitarias…

As mulleres ingresadas nos Centros de Observación e Clasificación e nas "casas de acollida" eran privadas de liberdade, adoutrinadas, sometidas a todo tipo de abusos e castigos, e obrigadas a facer traballos para empresas sen recibir ningunha remuneración. Nalgúns casos estableceuse relación entre a reclusión nestes centros e a trama de roubo de bebés.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:12:04
Nº Rexistro: 46759
Data envio: 20/01/2026 12:12:04.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. No referente a Galiza, nos últimos anos publicáronse importantes estudos de investigación sobre o Patronato e desenvolvéronse xornadas e encontros de divulgación sobre esta materia. Mais a documentación das "Juntas Provinciales" segue, espalladas por diferentes arquivos de difícil localización, na maior parte sen clasificar e sen dixitalizar. E está pendente de investigar a documentación das propias congregacións relixiosas colaboradoras do sistema oficial de reclusión e adoutrinamento das mulleres "descarriadas".

Cando xa transcorreron case 40 anos da supresión do Patronato, mantense unha pesada lousa de silencio e impunidade sobre esta materia, e en xeral sobre a represión cruenta e continuada que sufriron as mulleres durante o franquismo. E está tamén por estudar, coñecer e recoñecer o papel das mulleres como protagonistas da resistencia -incluíndo a súa participación na guerrilla antifranquista-, como creadoras de redes de solidariedade, e como transmisoras da memoria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera o goberno galego necesario desenvolver a partir do vindeiro ano 2026 unha programación de carácter plurianual sobre a represión franquista contra as mulleres galegas que inclúa medidas de investigación, divulgación, reparación, homenaxe e acceso á xustiza?

Pensa a Xunta promover os contidos sobre "muller e memoria histórica democrática" no ámbito do ensino, fomentando a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha persecución, represión e restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual?

Vai a Xunta desenvolver medidas de localización, dixitalización e acceso ao público da documentación do "Patronato de Protección de la Mujer" existente en



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:12:04
Nº Rexistro: 46759
Data envio: 20/01/2026 12:12:04.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arquivos e institucións galegas, e impulsar a investigación e a divulgación de traballos sobre esta materia?

Considera de interese a Xunta promover un acto nacional de reparación das mulleres que foron recluídas e reprimidas polo Patronato?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:12:04
Nº Rexistro: 46759
Data envio: 20/01/2026 12:12:04.893

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/01/2026 12:11:20
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:11:27
Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 12:11:34

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:12:05**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:18:49
Nº Rexistro: 46760
Data envio: 20/01/2026 12:18:49.438

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a divulgación dos materiais recollidos durante o desenvolvemento do proxecto interuniversitario Nomes e Voces.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2006, declarado Ano da Memoria, o goberno galego puxo en marcha un proxecto de investigación sobre as vítimas da represión franquista denominado “Nomes e Voces” (As vítimas, os nomes, as voces e os lugares).

Esta iniciativa vehiculouse mediante un convenio coas universidades galegas, que se desenvolveu nos anos 2006-2010 e que tivo como principais resultados a elaboración dunha base de datos con 14.978 nomes relativos á represión franquista, 22.340 dixitalizacións, 404 entrevistas (a maiores das máis de 100 doadas por persoas particulares e investigadoras).

Ademais, conformouse un fondo con materiais (documentos, obxectos, fotografías) doadas por asociacións e familias, co obxectivo de crear un arquivo público da memoria histórica sobre a Ditadura, a  represión franquista e a loita polas liberdades e os dereitos de Galiza.

Malia a converterse nun proxecto de investigación e divulgación referente no Estado, coa chegada do PP ao goberno da Xunta en 2009 deixou de contar co financiamento público necesario e acabou por desaparecer. Aínda así mantívose activa a web do proxecto e baixo custodia a documentación e materiais que foron recompilados.

Esta exitosa experiencia foi determinante para que a Secretaria de Estado de Memoria Democrática escollese o equipo universitario que desenvolveu o proxecto



Asinado o día 20/01/2026 ás 12:17
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 20/01/2026 ás 12:17
Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:18:49
Nº Rexistro: 46760
Data envío: 20/01/2026 12:18:49.438

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nomes e Voces para levar a cabo a "elaboración dun censo estatal de vítimas da Guerra de España e a ditadura para o período 1936-1939", así como unha proposta metodolóxica para ampliar este censo.

Este recoñecemento da experiencia Nomes e Voces debería supoñer a recuperación, reactivación e difusión do traballo realizado, e a posta a disposición da sociedade galega dos fondos recompilados ao longo da súa existencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cales foron, segundo o goberno galego, as causas da desaparición do proxecto Nomes e Voces?

Cal é o emprazamento físico, aproveitamento e accesibilidade dos materiais recompilados durante o desenvolvemento do proxecto?

Ten previsto a Xunta crear un espazo físico e dixital para o estudo e a divulgación de toda a documentación relacionada coa Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades?

Considera de interese o goberno galego abrir unha convocatoria para a recollida de materiais sobre esta temática que poidan ser doados ou entregados en depósito por parte de asociacións, persoal investigador e asociacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:18:49
Nº Rexistro: 46760
Data envio: 20/01/2026 12:18:49.438

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/01/2026 12:17:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:17:42

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:18:50

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:20:01
Nº Rexistro: 46761
Data envio: 20/01/2026 12:20:01.668

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a resolución de conflitos nos centros educativos mediante a mediación do propio alumnado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A convivencia nos centros educativos é base fundamental para o desenvolvemento integral da infancia, adolescencia e ata adultos en formación. Malia isto, os conflitos escolares son unha realidade que afectan á convivencia cotiá nos centros escolares e desgastan o ambiente de aprendizaxe, mingua a motivación e afecta de maneira negativa á saúde emocional do alumnado e docentes.

Existen numerosas estratexias prácticas e efectivas para resolver estes conflitos creando entornos seguros, inclusivos e que permitan a aprendizaxe. Tamén profesionais expertas afeitas a estudar e analizar as distintas situacións e circunstancias valorando primeiro a posible prevención e, se é preciso, tamén a resolución dos conflitos.

En diversas investigacións estímase que máis do 60% das escolas teñen pasado por incidentes de conflito no último ano, o que indica a importancia e urxencia de abordar este problema con profundidade.

Entre os tipos máis comúns de conflitos nas escolas e institutos atopamos: o **bullying, o ciberacoso, ás liortas ou conflitos entre estudantes e os conflitos interpersoais indirectos**.

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:19
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:19
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:20:01
Nº Rexistro: 46761
Data envio: 20/01/2026 12:20:01.668

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A prevención é, sen dúbida, a mellor maneira de abordar os conflitos escolares. Ante a complexidade dos problemas é esencial construír un ambiente no que a comunicación flúa e a empatía sexa a norma. Hai algunhas estratexias de prevención clave:

- Fomento da comunicación efectiva
- Desenvolvemento de habilidades socioemocionais ou
- Creación de normas de convivencia claras

Pero cando os conflitos xa se teñen materializado, é preciso actuar de xeito áxil e eficaz, e para iso hai que deseñar estratexias de intervención máis efectivas no ámbito escolar, como a mediación escolar, técnicas de negociación, resolución colaborativa dos problemas ou a procura de exemplos de boas prácticas noutros centros.

A resolución de conflitos escolares non debe recaer tan só nos docentes. Cada integrante da comunidade educativa ten un rol esencial que desempeñar para garantir un ambiente de respecto e harmonía. Deste xeito, é importante a participación de todos e todas, o alumnado, as docentes, as familias, o persoal administrativo e o de apoio.

Nesta iniciativa queremos centrarnos no papel fundamental que debe xogar o propio alumnado na resolución dos conflitos, xa que son eles os que viven o día a día do centro educativo. Fomentar a súa participación na creación de regulamentos de convivencia e na identificación de posibles conflitos é básico e iniciativas como Consellos ou Comités de Convivencia de Alumnado poden ser moi efectivos.

Pero é necesario que o centro e a Consellería de Educación asuman esta participación directa, dándolles as ferramentas que precisan para poder realizar a súa labor de xeito eficaz e áxil, sabendo que será máis doado que os compañeiros/as sexan máis receitivas á súa mediación que a calquera doutro da comunidade educativa.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:20:01
Nº Rexistro: 46761
Data envio: 20/01/2026 12:20:01.668

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O alumnado deberá ser formado debídamente en estratexias ou tácticas de resolución de conflitos e para impartir as súas propias campañas de sensibilización e facilitarlles os espazos máis idóneos para o diálogo: foros e asambleas para expresar as súas inquedanzas e propostas, e onde poidan debaterse solucións de xeito democrático e construtivo.

Se o propio alumnado está directamente implicado será máis doado aplicar técnicas na que o foco esté posto nas vítimas, así como nos autores ou responsables do delito cometido, sen buscar como último fin o castigo senón para que os causantes do problema recoñezan a súa culpa e intenten reparar o dano cometido.

Esta técnica, chamada xustiza restaurativa (tamén reparadora ou compasiva), destaca porque busca resolver o conflito de xeito colectivo, é dicir, non só consideran ás implicadas directas, senón que participan aquelas persoas que estiveron afectadas dalgún xeito.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Consellería de Educación implementar estratexias e técnicas de prevención e resolución de conflitos debidamente reguladas, nos centros educativos galegos, facendo partícipes a toda a comunidade educativa, pero especialmente aos estudantes como mediadores a través de Consellos, Comités de Alumnado ou outros órganos formados polo alumnado que permita unha participación democrática e resolutiva?

- Vai a Consellería orientar as estratexias e técnicas establecidas non tanto ás sancións, senón de cara á prevención en primeiro lugar e a resolución dos conflitos poñendo o foco nas vítimas e co obxectivo de que os causantes do problema recoñezan a súa culpa e intenten reparar o dano cometido?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:20:01
Nº Rexistro: 46761
Data envio: 20/01/2026 12:20:01.668

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vai proporcionar ao alumnado aquelas ferramentas que lles permita dispoñer da formación precisa, realizar campañas de sensibilización na comunidade educativa e contar cos espazos máis idóneos para o diálogo: foros e asembleas para expresar as súas inquedanzas e propostas, e onde poidan debaterse solucións de xeito democrático e construtivo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:20:01
Nº Rexistro: 46761
Data envio: 20/01/2026 12:20:01.668

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:19:30**

**Ariadna Fernández González na data 20/01/2026 12:19:42**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:20:01
Nº Rexistro: 46761
Data envio: 20/01/2026 12:20:01.668

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:20:03**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:01
Nº Rexistro: 46763
Data envio: 20/01/2026 12:32:01.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a reforma da lei do deporte proposta no Senado do Estado español.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo do Partido Popular no Senado español vén de propor unha reforma da lei 39/2022 do Deporte que a todas luces será tomada en consideración pola Cámara Alta e que, a ollos do Grupo Parlamentar do BNG, supón un enorme retroceso nos dereitos das seleccións deportivas galegas. En concreto, a proposta do Partido Popular é a de suprimir o apartado 2 do artigo 48 da devandita lei, o cal indica que as federacións deportivas nacionais poderán "participar directamente no ámbito internacional se a federación internacional correspondente contempla a súa participación, no caso de modalidades ou especialidades deportivas con arraigamento histórico e social na súa respectiva comunidade autónoma".

Ademais, ese mesmo apartado tamén contempla que as diferentes federacións estarán facultadas para participar nesas competicións cando formaran parte dunha federación internacional "antes da constitución da federación española correspondente".

Para alén da supresión deste apartado, o grupo popular tamén propón reformular o artigo 49 tentando estabelecer que para poder participar en probas deportivas oficiais tanto estatais como internacionais será "preciso" contar cunha licenza expedida pola

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:31
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 20/01/2026 ás 12:31
Por Iago Suárez Fernández
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:01
Nº Rexistro: 46763
Data envio: 20/01/2026 12:32:01.198

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

federación española, co obxectivo, asegura o PP, de garantir a "uniformidade de contido e condicións económicas por modalidade, estamento e categoría”.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta proposta é unha verdadeira involución nos dereitos do deporte galego, o cal vén colleitando éxitos internacionais baixo a bandeira galega e que con esta proposta verá altamente dificultada a súa actividade a nivel internacional. Non comprendemos por tanto que a Xunta de Galiza non se posicione claramente en contra desta modificación da lei estatal do deporte, xa que o seu cometido principal é a defensa sen fisuras do tecido deportivo galego, que é motivo de orgullo para todo o país.

Cada vez que a Galiza se lle permite competir de maneira oficial en competicións internacionais, o noso país mostra de modo inequívoco o enorme talento co que conta e a súa capacidade de colleitar grandes vitorias que colocan Galiza na elite do deporte mundial. Reclamamos desta forma que o Parlamento galego se dirixa ao Goberno español para mostrar a súa desconformidade con esta reforma legal.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza da reforma que propón o PP no Senado para modificar a Lei estatal 39/2022 do deporte?

- Vai o Goberno galego posicionarse en contra ou a favor desta reforma legal?

- Pensa a Xunta que Galiza ten capacidade suficiente como para competir de maneira oficial no ámbito internacional como xa vén facendo nalgunhas disciplinas?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En caso afirmativo, mostrará a súa desconformidade con esta reforma legal proposta no Senado?

- Que resposta dá o Goberno galego ás e aos deportistas de Galiza que queren competir baixo as cores de Galiza e que, de saír adiante esta reforma, terán grandes dificultades para o facer?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:01
Nº Rexistro: 46763
Data envio: 20/01/2026 12:32:01.198

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 12:31:31**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:31:38**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:01
Nº Rexistro: 46763
Data envio: 20/01/2026 12:32:01.198

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:32:02

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:59
Nº Rexistro: 46764
Data envío: 20/01/2026 12:32:59.965

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de contar coa figura de coordinación de convivencia e benestar para xestionar o malestar emocional do alumnado galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez hai maiores problemas de saúde mental e malestar emocional entre o alumnado dos centros educativos galegos. En ocasións pásanse por alto e interfiren na saúde das nenas, nenos e adolescentes e na súa educación, así como na súa capacidade para alcanzar o seu pleno potencial.

A Xunta de Galiza, e máis en concreto a Consellería de Educación, leva anos detectando estes problemas pero sen facer os investimentos necesarios para solventalos. Coa chegada da pandemia, esta situación agravouse, notándose aínda máis a falta de servizos de prevención e atención.

As persoas afectadas deben agardar por unha cita (primeira ou sucesivas) entre 13 e 14 meses nas Unidades de Saúde Mental en moitos casos, polo tanto non se pode falar de prevención, tendo que recurrir as familias á sanidade privada se queren atender as diferentes casuísticas nun estado inicial.

Por outra banda, existe un protocolo de suicidios no ámbito escolar, nos que aínda funcionando debídamente nos centros educativos atopan problemas para o seu desenvolvemento no ámbito sanitario, cando deben ser atendidos por especialistas en

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:32
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:32
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

psiquiatría e/ou psicoloxía, por falta de citas áxiles. Na actualidade hai máis expedientes abertos de protocolos de suicidios nos centros dos que sería aconsellable.

O Comité dos Dereitos das Nenas e Nenos, xa considerou prioritario no ano 2018 que as nacións adoptaran políticas de saúde mental infantil, ademais de asegurar a dispoñibilidade de persoal especializado e o incremento de servizos.

Dende a entrada en vigor da LOPIVI, Lei Orgánica de Protección á Infancia e Adolescencia fronte á violencia, aprobada en xuño de 2021, o Goberno da Xunta de Galiza non foi quen de incorporar a figura de Coordinación de Convivencia e Benestar nos centros, unha nova categoría de persoas especialistas con formación específica, orientadas a unha maior protección fronte á violencia, pero que tamén poden abordar a saúde mental e o benestar psicosocial do alumnado galego. Estas prazas incorporadas aos departamentos de Orientación de cada un dos centros educativos sería un piar fundamental para dar apoio ao Orientador/a de cara á prevención, sensibilización e detección daquelas situacións, no ámbito familiar ou escolar, que afectan á saúde mental das nenas, nenos e adolescentes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas pensa impulsar a Consellaría de Educación para garantir o dereito á saúde mental do alumnado, así como abordar a saúde mental e o benestar psicosocial das nenas, nenos e adolescentes nos centros educativos galegos? Vai crear no curso 2025-26 a figura de Coordinación de Convivencia e Benestar, con persoas especialistas coa formación necesaria, segundo a LOPIVI, a Lei Orgánica de Protección á Infancia e Adolescencia fronte á violencia?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:59
Nº Rexistro: 46764
Data envio: 20/01/2026 12:32:59.965

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:32:39

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2026 12:32:49

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:32:59
Nº Rexistro: 46764
Data envio: 20/01/2026 12:32:59.965

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:33:00

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:35:30
Nº Rexistro: 46765
Data envio: 20/01/2026 12:35:30.917

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema,** deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª,** sobre a creación dun Mecanismo Galego de Prevención da Tortura e dos Malos Tratos en Galiza, no marco do Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura e outros Tratos ou Penas Crueis, Inhumanos ou Degradantes (OPCAT), adoptado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 18 de decembro de 2002, establece un sistema internacional e nacional para previr a tortura e os malos tratos en lugares de privación de liberdade, como prisións, centros de detención de menores, centros de internamento de estranxeiros (CIE) e determinados centros sanitarios e sociosanitarios.

O Estado español, como estado parte desde 2006, designou o Defensor del Pueblo como Mecanismo Nacional de Prevención (MNP), encargado de realizar visitas independentes e emitir recomendacións para mellorar as condicións de detención. Porén, a centralización deste mecanismo limita a súa capacidade para atender as especificidades de Galiza, onde a Xunta ten competencias en xustiza, centros de menores e protección civil, e onde existen centros de privación de liberdade como prisións de Teixeiro e A Lama ou centros de menores en Vigo e Ourense.

Certamente o Valedor do Pobo, como institución autonómica creada pola Lei 6/1984, do 6 de xuño, ten unha longa traxectoria na defensa dos dereitos fundamentais en



Asinado o día 20/01/2026 ás 12:35
Por Óscar Insua Lema

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:35
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:35:30
Nº Rexistro: 46765
Data envio: 20/01/2026 12:35:30.917

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Galiza, colaborando co Defensor del Pueblo en funcións relacionadas co OPCAT; mais Galiza carece dun mecanismo galego específico de prevención da tortura o que reduce a capacidade de supervisión sistemática e próxima dos lugares de detención, especialmente no contexto de problemas en prisións, a falla de persoal sanitario ou as condicións precarias nalgúns centros de menores, sinalados en informes do MNP en 2024, cuxas recomendacións son insuficientemente atendidas en Galiza.

A creación dun Mecanismo Galego de Prevención, adaptado á realidade galega, non só reforzaría o cumprimento do OPCAT, senón o que é máis importante contribuiría a garantir a protección dos dereitos fundamentais, promovendo unha Galiza máis xusta e comprometida coa prevención de calquera forma de maltrato.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

Que actuacións realizou ou ten previsto realizar o Goberno Galego para a posta en marcha en Galiza dun mecanismo de prevención, nos termos e coas funcións e competencias estabelecidas no Protocolo facultativo á Convención contra a tortura e outros tratamentos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:35:30
Nº Rexistro: 46765
Data envio: 20/01/2026 12:35:30.917

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:35:06**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 12:35:13**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:35:30
Nº Rexistro: 46765
Data envio: 20/01/2026 12:35:30.917

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:35:31**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:38:24
Nº Rexistro: 46767
Data envio: 20/01/2026 12:38:24.670

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as instrucións da Consellería de Educación dirixidas ás direccións dos centros educativos para denegar o acceso á información sobre os datos do curso actual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de outubro a Confederación ANPAs Galegas denunciaba publicamente o que estaba acontecendo nos centros educativos da provincia de Lugo. Unha situación que reflectía o escuran-tismo do Goberno da Xunta a través da Consellería de Educación.

É ben coñecida en todo o País a situación das familias con fillos e fillas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo dentro dos centros escolares. A falta de profesorado de apoio. especialistas de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as, etc. é evidente en todas as escolas e institutos. Saen en prensa a diario casos concretos que levan dende comezos de curso, hai dous me-ses, reclamando unha atención que por lei correspóndelles e que a Consellería de Educación está a denegar baseando a súa decisión en catálogos de persoal e outras cuestións menores que non serven como argumento para explicar a toma desta decisión errada. Este alumnado carente dos apoios que precisa para avanzar neste curso escolar, permanecerá frustrado e excluído, sen entender porqué ago-ra non se poñen os recursos necesarios para que poidan estar dentro das aulas en igualdade de con-dicións co resto dos seus compañeiros/as.

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:38
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:38
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:38:24
Nº Rexistro: 46767
Data envio: 20/01/2026 12:38:24.670

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As ANPAs levan meses mobilizándose nos centros educativos e na rúa, nas súas vilas, nas grandes cidades e a última multitudinaria o pasado 26 de outubro en Santiago de Compostela, onde milleiros de persoas entre familias, docentes e alumnado reclamaban un dereito a unha atención individuali-zada para aqueles nenos e nenas e adolescentes máis vulnerables e con maiores necesidades de apo-ios e reforzos. Un dereito recollido na Constitución e na Lei de Diversidade.

Pero tamén é función das ANPAs reclamar oficialmente esta cuestión básica para un 30% do alum-nado matriculado na actualidade. É dicir, ante a administración competente, a Consellería de Educa-ción, ante as Direccións Territoriais en cada provincia, ante o Defensor do Menor ou a Valedora do Pobo.

Para iso precisaban datos máis concretos, todos eles que deberan aparecer na páxina de transparencia da Xunta ou da Consellería e non están, ou que deberan ser facilitados en cada centro educativo con respecto aos seus propios datos de matrícula, de número de alumnado NEAE, catálogo numérico de docentes adscritos de xeito estable ou necesidades reais en profesorado de apoio ou especialistas para o alumnado máis vulnerable, e se deben estar adscritos ou só é un reforzo puntual. É dicir, pre-cisaban ter coñecemento claro da situación educativa en cada centro, para despois poder facer a re-clamación pertinente. Todos eles datos xerais e numéricos que non eran contrarios á Lei de Protec-ción de Datos.

Esta pequena investigación que facían as Asociacións de Nais e Pais estaba a pór en evidencia a falta de recursos educativos actuais nos centros, en contraposición con meses e meses de propaganda e autobombo do PP na Xunta en todos os medios de comunicación, do maior número de profesorado na historia do noso País.

Unha maneira de poñer freo a esta mobilización e reclamación destas asociacións foi enviar dende as Inspeccións Educativas a todos os seus centros de



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:38:24
Nº Rexistro: 46767
Data envio: 20/01/2026 12:38:24.670

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia na provincia de Lugo primeiro, e poste-riormente a outras provincias, un escrito dirixido ás direccións dos centros educativos.

Neste escrito a Inspección daba “instrucións” claras de como as direccións dos centros deben proce-der diante da solicitude de información que lles realizan as ANPAs. Falamos de impedir, dificultar ou dilatar o acceso da sociedade xeral aos datos non privados que definen a normalidade dun centro escolar e que se están a demandar.

Non só atenta contra a normativa de transparencia para pretender lograr o efecto contrario ao que esta normativa pretende, senón que pretende impedir concretamente á ANPA, un membro nato do Consello Escolar, o principal órgano de goberno democrático dun centro escolar, o acceso á informa-ción que lle permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa.

En conclusión, a instrución pretende evitar que a información real chegue ao coñecemento de quen pode e quere utilizala na crítica responsable dun sistema que cada curso entorpece máis a inclusión, a igualdade e as oportunidades vitais do alumnado máis vulnerable.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- É coñecedora a Consellería de Educación do escrito con instrucións enviado aos centros educativos por parte das Inspeccións Educativas coa finalidade de evitar que as ANPAs obteñan a información que lles permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa?

2.- Quen deu orde ás Inspeccións para enviar este escrito de instrucións aos centros?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Vai a Consellería retirar de xeito inmediato estas instrucións enviadas aos centros educativos?

4.- Vai a Consellería posibilitar que as direccións dos centros habiliten nas súas páxinas web aqueles datos xerais, que non atenten contra a Lei de Protección de Datos, sobre o funcionamento do centro en cada curso escolar, como poden ser o número de matrículas, de unidades, de repetidores por curso ou de alumnado NEAE, ratios nas aulas, catálogo de profesorado adscrito e estable, etc.?

5.- Vai a Consellería manter un encontro coas Federacións e Confederacións de ANPAs para aclarar a situación educativa actual e escoitar as propostas formulan para mellorar a situación actual con respecto á falta de atención ao alumnado NEAE, así como a outras eivas que son preciso solventar de xeito urxente?

6.- Vai a Consellería activar un protocolo que permita ás Confederacións acceder, en cada comezo do curso escolar, a todos os datos xerais dos centros educativos galegos, de xeito global, por provincias, por comarcas e municipios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:38:24
Nº Rexistro: 46767
Data envio: 20/01/2026 12:38:24.670

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:38:03**

**Ariadna Fernández González na data 20/01/2026 12:38:11**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:38:24
Nº Rexistro: 46767
Data envio: 20/01/2026 12:38:24.670

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:38:25**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:40:57
Nº Rexistro: 46768
Data envio: 20/01/2026 12:40:57.784

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por Mercedes Queixas Zas
Asinado o día 20/01/2 12:40
Por Iago Suárez Fern
Por Alexandra Fernández Gómez
Asinado o día 20/01/2026 ás 12:40
Por Daniel Castro García
Asinado o día 20/01/2026 ás 12:39
Por Luis Bará Torres

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Daniel Castro García**, **Iago Suárez Fernández**, **Olalla Rodil Fernández**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a recuperación da delegación en Pontevedra da radio e da televisión pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O próximo 30 de novembro cúmprense 15 anos do peche da delegación da televisión e da radio públicas en Pontevedra. Efectivamente, o 30 de novembro de 2010 a CRTVG pechou, sen aviso previo e de xeito inmediato, a delegación que tiña na cidade, na que traballaban 25 persoas entre persoal técnico e de redacción. Este feito, denunciado no seu día pola sociedade pontevedresa e polo Pleno da Corporación, provocou a perda dos postos de traballo, converteu a Pontevedra na única capital de provincia galega e xunto con Ferrol as dúas cidades sen delegación da canle autonómica e tivo como consecuencia unha importante mingua, en cantidade e calidade, da cobertura informativa da actividade institucional, política, social, económica e cultural xerada no noso concello.

2. O Pleno e o goberno municipal de Pontevedra acordaron en diversas ocasións solicitar a recuperación da delegación da Radio e Televisión pública na cidade, sen que houbese resposta positiva por parte do goberno galego e da sociedade que xestiona os medios públicos galegos. Nesta altura, a máxima responsabilidade desta situación corresponde ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que deste xeito discrimina e maltrata a súa cidade.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:40:57
Nº Rexistro: 46768
Data envio: 20/01/2026 12:40:57.784

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. A recuperación da delegación dos medios públicos en Pontevedra sería unha decisión que sen dúbida contribuiría a corrixir unha inxustiza e debería servir para dar unha cobertura acaída, con obxectividade e neutralidade, sobre a actividade institucional, política, económica, social, cultural e de lecer que se desenvolve na cidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta normal a discriminación que sofre a cidade de Pontevedra por ser a única capital de provincia galega e xunto con Ferrol as dúas cidades que non contan con delegación da radio e da televisión pública galega?

Vai a Xunta impulsar, en colaboración coa Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), a recuperación da delegación da radio e a televisión pública na cidade de Pontevedra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:40:57
Nº Rexistro: 46768
Data envio: 20/01/2026 12:40:57.784

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/01/2026 12:39:52
Daniel Castro García na data 20/01/2026 12:40:00
Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 12:40:07
Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2026 12:40:15
Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2026 12:40:24
Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2026 12:40:39

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:40:57
Nº Rexistro: 46768
Data envio: 20/01/2026 12:40:57.784

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:40:58**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:46:22
Nº Rexistro: 46769
Data envío: 20/01/2026 12:46:22.785

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a discriminación salarial que existe entre o profesorado de Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 o Goberno do Estado daba luz verde á integración do profesorado técnico de FP con grao universitario no corpo de secundaria. Esta medida tiña carácter retroactiva dende xaneiro de 2021 e supuña a mellora das condicións laborais e salariais para aquel profesorado que pasaba a formar parte do subgrupo de funcionarios A1.

A nova normativa de FP establecía que quen cumprise no momento da integración ditos requisitos quedaría no corpo de Profesorado Técnico de FP a extinguir, permanecendo no subgrupo A2. A Consellería de Educación aproba posteriormente un complemento equiparador salarial para igualar o soldo deste colectivo formado por 731 docentes, co Profesorado de Ensino Secundario. Desde o 1 de setembro de 2023, data de efectividade deste acordo, este grupo de persoas é cada vez menos numeroso porque se van xubilando paulatinamente.

Na actualidade, as novas prazas de funcionariado e interinas das 10 especialidades de FP que non require titulación universitaria para exercer a docencia son do novo corpo de Profesorado Especialista de Sectores Singulares da FP (PESSFP), arredor de 300 docentes (172 definitivas e 115 interinas con contrato durante todo este curso), xunto con 70 prazas que serán cubertas coas incorporacións resultantes das

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:46
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:45
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oposicións que se farán en xuño. Este profesorado convive a cotío co resto de compañeiras/os nos centros educativos coa mesma responsabilidade e funcións pero cun salario menor, unha discriminación que non se xustifica de ningún xeito.

A Administración Educativa Autonómica ten plenas competencias en materia retributiva do seu persoal docente para paliar esta situación aprobando o complemento equiparador para o PESSFP que imparte docencia nas 10 especialidades nas que é posible acceder á docencia con titulación de técnico superior de FP: Cociña e Pastelaría, Estética, Fabricación e Instalación de Carpintaría e Moble, Mantemento de Vehículos, Mecanizado e Mantemento de Máquinas, Patronaxe e Confección, Peiteado, Produción de Artes Gráficas, Servizos de Restauración e Soldadura. Este complemento, que se estableceu no seu momento para o Profesorado Técnico de FP a extinguir que, insistimos, ten os mesmos requisitos de titulación e cumpre as mesmas funcións que o colectivo discriminado, na actualidade ascende a 151,37 € ao mes.

Galiza debe utilizar as competencias plenas que ten en Educación e regular a equiparación de todo o profesorado de FP, como xa teñen feito outras comunidades autónomas como Euskadi ou Catalunya.

Débese ter en conta tamén que o corpo de Profesorado Técnico (PT) vai diminuíndo de xeito constante e os PESSFP son agora máis de 300 persoas, se se suma o persoal substituto. Polo tanto estamos a falar dunha cantidade non significativa para os orzamentos vixentes, pero sí un avance importante nos dereitos laborais deste colectivo para deixar de sufrir unha discriminación clara. Non parece moi razoable que no mesmo centro convivan tres tipos de profesorado con situacións administrativas e económicas diferentes.

Non existe ningunha diferencia entre os PES, PT e PESSFP no seu día a día. Non é entendible que a Consellería aprobara unha medida positiva para o colectivo que



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en setembro de 2023 quedaba a extinguir no anterior corpo de FP e que todo o persoal que a partir desa data ingresa no novo corpo quede discriminado indefinidamente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Por que a Consellería de Educación equiparou en 2023 o salario do Profesorado Técnico de FP, un grupo a extinguir, co grupo A1, creando un complemento específico e as e os docentes incorporados posteriormente no corpo de PESSFP quedan relegados ao salario do subgrupo A2, creando unha clara discriminación?

2.- Vai atender a Consellería as reclamacións deste grupo de PESSFP conformado por algo máis de 300 persoas aprobando o complemento equiparador de 151,37 € ao mes para eliminar a diferenciación salarial?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:46:22
Nº Rexistro: 46769
Data envio: 20/01/2026 12:46:22.785

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:45:59**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2026 12:46:06**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:46:22
Nº Rexistro: 46769
Data envio: 20/01/2026 12:46:22.785

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:46:23**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:47:00
Nº Rexistro: 46770
Data envío: 20/01/2026 12:47:00.327

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a recepción por parte do goberno galego a representantes de diferentes estados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego e o Parlamento de Galiza recibiron o pasado 28 de maio o encargado de negocios da Embaixada de Israel en España, que na actualidade exerce como embaixador en funcións, nun dos momentos máis graves da masacre que está a cometer o estado de Israel contra o pobo palestino.

A resposta escrita remitida polo goberno galego ante a pregunta que formulou o Grupo Parlamentar do BNG foi a seguinte:

“O Goberno galego ten como proceder habitual recibir aos representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional.

O Goberno galego valorou o encontro como relevante, entre outros motivos, para trasladar a Israel o seu posicionamento sobre o conflito. De feito, entre outros aspectos, o representante da Xunta de Galicia transmitiu o rexeitamento ao estado da situación humanitaria que se vive na Faixa e avogou por unha solución urxente para este drama“.

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:46
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:46
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:47:00
Nº Rexistro: 46770
Data envio: 20/01/2026 12:47:00.327

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1.- Cal foi a axenda de recepcións do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, o señor Jesús Gamallo, a representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional desde o inicio da lexislatura?

2.- Cal foi o obxectivo e a orde do día deses encontros?

3.- Cal é a valoración que fai o goberno galego deses encontros?

4.- Por que non figuran publicados eses encontros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:47:00
Nº Rexistro: 46770
Data envio: 20/01/2026 12:47:00.327

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 20/01/2026 12:46:29**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:46:45**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:47:01**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:50:12
Nº Rexistro: 46771
Data envio: 20/01/2026 12:50:12.744

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2
12:49
Por Iago Suárez Fern

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González** e **Iago Suárez Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o aumento de discursos de odio dirixidos á mocidade e a necesidade de impulsar campañas de sensibilización e formativas para a súa detección e neutralización dos mesmos.

Asinado o día 20/01/2026 ás
12:49
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rematar coa violencia contra a infancia e a mocidade debe ser unha das prioridades que teñan as distintas administracións públicas para os vindeiros anos.

Tamén supón un grande reto para toda a sociedade que non se normalicen noticias en prensa escrita ou audiovisual de abusos sexuais, agresións físicas ou psicolóxicas a menores, tanto no ámbito familiar, escolar, deportivo, etc.

Pero na actualidades toda a sociedade debe enfrontar un problema a maiores, os Discursos de Odio, que chegan ás máis novas a través dos medios de comunicación e redes sociais coa intención de inflixir dano, promovendo o odio, a discriminación, contra grupos determinados ou incitando á violencia.

Asinado o día 20/01/2026 ás
12:49
Por Cristina Fernández Davila

O discurso de odio, ao contrario da liberdade de expresión, non ten que ver co dereito ao libre desenvolvemento da personalidade das persoas, porque lesiona o respecto á moral, atenta á vida privada e aos dereitos doutras persoas. Nin sequera se pode considerar como unha opinión que deba ser expresada. Cando unha persoa emite un discurso de odio é preciso restrinxir a súa liberdade de expresión de xeito proporcional e debe facerse legalmente. Con respecto a esta cuestión, non é doado que



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:50:12
Nº Rexistro: 46771
Data envio: 20/01/2026 12:50:12.744

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os mecanismos xudiciais sexan áxiles para paralizar este tipo de mensaxes xa que estas soen facerse paulatinamente e dunha maneira moi sutil.

Legalmente a liberdade de expresión está protexida, aínda que os comentarios sexan chocantes ou incluso molesten, xa que calquera persoa ten dereito a dicir o que pensa, mais non protexen aos de apoloxía ao odio, á violencia, á guerra e aqueles que teñen que ver co abuso ou pornografía infantil.

Neste contexto as menores de idade están expostas a diario a discursos de odio nas redes sociais que manexan a diario, onde nas distintas plataformas (Facebook, Instagram, X ou WhatsApp) os seus usuarios producen millóns de pezas de contido por segundo e aínda que estea previsto á súa regulación de xeito interno, o seu seguimento e control é dificultoso. Elimínanse pois, das plataformas, aqueles ataques directos ás persoas por cuestión de raza, etnia, sexo, discapacidade, afiliación relixiosa, identidade de xénero, enfermidade grave, orixe, orientación sexual e status migratorio. Pero, malia que as entradas vanse reducindo, moitas chegan ata as autoridades cando existen denuncias.

Tamén debemos ter en conta a entrada en xogo de novas tendencias políticas da ultradereita que fomentan o odio contra outras forzas políticas e contra grupos de persoas ou habitantes perfectamente identificables, que rematan producindo altercados e ataques físicos que incitan aos seus seguidores a enfrontamentos con outras persoas destes grupos diana, perigando incluso a súa vida.

Polo tanto, queda claro que é necesario abrir unha liña de traballo por parte das administracións (local, autonómica, estatal e incluso europea para establecer marcos legais) de xeito que sensibilice a toda a sociedade para ser quen de identificar os discursos de odio, rexeitalos e por suposto, denuncialos.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É certo que esta sensibilización debe comezar a nivel educativo nas escolas. Precísase defender unha educación que poida capacitar a toda a comunidade educativa para ser capaz de examinar, cuestionar e cambialos conceptos sociais e culturais negativos. Debemos dar pasos cara á convivencia e á valoración positiva da pluralidade e combatendo a discriminación e a violencia nas aulas.

Pero non só debemos centrarnos na educación, que consideramos a base nesta cuestión, e ampliar horizontes á sensibilización tamén ás familias e ao resto da sociedade. Teremos así a oportunidade de construír un mundo máis xusto, pacífico e cohesionado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai o goberno da Xunta de Galiza impulsar unha campaña de sensibilización nos centros educativos, entre o alumnado e as súas familias así como no resto da sociedade a través das asociacións veciñais e outros colectivos sociais, que lles dea ferramentas para detectar os discursos de odio e poder neutralizalos e rexeitalos?

- Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para proporcionar a todo o persoal docente, dentro dos centros educativos, da formación precisa para detectar discursos de odio dirixidos a alumnos/as ou grupos de alumnado que produzan dano, promovendo o odio, a discriminación ou incitando á violencia?

- Vai crear prazas específicas de educación social ou psicoloxía con experiencia nesta área, por localidades ou comarcas para impulsar as distintas accións de sensibilización precisas para estender entre o alumnado ou outros sectores de poboación?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai o goberno da Xunta dar respaldo e formación a grupos de alumnado que queira participar nestas campañas de sensibilización fóra dos centros educativos?

- Vai crear unha Comisión de debate e planificación para impulsar estas campañas, onde estean representados os sectores educativos e persoas expertas da diversidade, da tecnoloxía, da comunicación e redes sociais, así como normativa legal aplicable?

- Vai o goberno da Xunta de Galiza establecer indicadores que permitan valorar os resultados destas campañas de formación e sensibilización a medio e longo prazo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:50:12
Nº Rexistro: 46771
Data envio: 20/01/2026 12:50:12.744

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:49:40**

**Ariadna Fernández González na data 20/01/2026 12:49:49**

**Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 12:49:56**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:50:12
Nº Rexistro: 46771
Data envio: 20/01/2026 12:50:12.744

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:50:13**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:51:14
Nº Rexistro: 46772
Data envio: 20/01/2026 12:51:14.817

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a mellora das condicións do servizo de xustiza gratuíta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de novembro de 2023, hai xa máis de 20 meses, as profesionais da avogacía e procuradoría que atenden o servizo de xustiza gratuíta en Galiza están en folga en reclamación da dignificación e mellora deste servizo público e das condicións nas que se presta. A medida implicou a suspensión de milleiros de vistas, xuízos e diferentes dilixencias xudiciais, malia o que a Xunta de Galiza, administración responsable da prestación do servizo e titular do mesmo, se segue sen recoñecer a folga, nin fixar os servizos esenciais, nin a pesares do tempo transcorrido o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes reuniuse coa representación da traballadoras mobilizadas.

O XIX Informe do Observatorio da Xustiza Gratuíta impulsado polo Consello Xeral da Avogacía Española e a Fundación Aranzadi-La Ley evidencia que Galiza, máis unha vez, é das Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de administración de xustiza que menos invisten por habitante no servizo de xustiza gratuíta. Segundo o referido informe, a media do investimento en Xustiza Gratuíta por habitante de todas as CCAA do Estado é case un 40% o que se realiza en Galiza. A media de todas as Comunidades Autónomas é de 7,07 €/habitante fronte aos 5,20€ que inviste a Xunta de Galiza.

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:50
Por Óscar Insua Lema

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:50
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A escaseza do investimento realizado pola Xunta de Galiza en materia de XG atinxe non só ás compensacións que reciben as profesionais da avogacía e da procura que prestan o servizo, senón tamén aos custes da infraestrutura necesaria para o funcionamento operativo do servizo público, que están a cargo dos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría sendo ás achegas que estas Corporacións Públicas reciben da Xunta de Galiza notablemente inferiores ás necesarias para cubrir os custes necesarios para a atención deste servizo público de prestación obrigatoria por parte da Xunta de Galiza.

O vindeiro 30 de setembro de 2025 finaliza a vixencia do denominado Acordo sobre a Compensación Económica pola Asistencia Letrada Gratuíta subscrito no 2021 pola Xunta de Galiza e o Consello da Avogacía Galega polo que é precisa e urxente a renovación do mesmo, debendo ampliarse tanto os conceptos contidos no Baremo, como as percepcións contidas no mesmo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que as profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas ao servizo de asistencia xurídica gratuíta teñen dereito de folga?

Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia de numerosas resolucións xudiciais que acordan a suspensión de actuacións e dilixencias polo exercicio deste dereito por parte destas profesionais?

Recibiu a Xunta de Galiza comunicación da convocatoria da folga destas profesionais? No seu caso, en que data?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:51:14
Nº Rexistro: 46772
Data envio: 20/01/2026 12:51:14.817

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Determinou a Xunta de Galiza que actuacións e/ou servizos terían por ter a consideración de esenciais deberían prestarse malia o exercicio do dereito de folga das profesionais?

Cónstalle á Xunta de Galiza que o 30 de setembro de 2025 finaliza a vixencia do Acordo entre a Xunta de Galiza e o Consello da Avogacía Galega sobre a compensación económica pola Asistencia Letrada Gratuíta?

Considera a Xunta de Galiza necesaria a mellora do contido do Acordo, tanto para a ampliación das actuacións contempladas no mesmo, como das percepcións polas actuacións profesionais?

No seu caso, cales son as melloras que considera necesario introducir?

Ten previsto a Xunta de Galiza que a determinación das compensacións a percibir polos Colexios profesionais da Avogacía e da Procura polos gastos en infraestrutura e os necesarios para o funcionamento operativo do servizo se realice por expediente tramitado, como xa contempla o Decreto 134/2017?

Por que razón aínda non se atenderon as previsións contidas no referido Decreto de 2017?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:51:14
**Nº Rexistro: 46772**
Data envío: 20/01/2026 12:51:14.817

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:50:28**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 12:50:56**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:51:14
Nº Rexistro: 46772
Data envio: 20/01/2026 12:51:14.817

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:51:15**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:52:51
Nº Rexistro: 46773
Data envio: 20/01/2026 12:52:51.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de mellorar a atención educativa do alumnado galego garantindo os seus dereitos, tendo en conta ás nenas, nenos e adolescentes con necesidades específicas de apoio educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mentres o Conselleiro de Educación e o Presidente da Xunta alardean de ter o maior porcentaxe de inclusión nas aulas de todo o estado, un 94%, a realidade nos centros educativos é ben distinta e as familias con nenos, nenas e adolescentes que precisan apoios e reforzos levan todo o curso reclamando os docentes precisos para poder seguir o ritmo dos demais compañeiros e compañeiras da aula.

Parece unha burla para estas familias, xa que non existe integración ou inclusión sen recursos, sen profesionais que fagan un seguimento persoal a este alumnado dentro da clase. En tanto, a administración educativa, pretende desviar aos nenos e nenas que precisan maior atención a centros especiais ou a aulas específicas dentro dos centros escolares.

Con menos profesorado estable, sen apoios e reforzos por parte de especialistas para o alumnado NEAE, súmase tamén o incumprimento da Consellería na baixada das ratios e do cómputo dobre ou triplo do alumnado con discapacidade dentro das aulas.

A Consellería de Educación suprimiu este curso o Programa Acompaña, de apoio e reforzo ao alumnado NEAE, mentres implementou o Plan Mega, onde un dos



Asinado o día 20/01/2026 ás 12:52
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:52
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:52:51
Nº Rexistro: 46773
Data envio: 20/01/2026 12:52:51.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programas xa existentes é o PROA+ que este curso ten moitos máis requisitos para a súa concesión e que non solucionou a necesidade extrema de profesorado na maioría dos centros galegos, xa que quedaron sen os docentes que realizaban os reforzos o pasado curso, pero moitos centros están tamén sen os do Plan Proa e cun cadro de persoal incompleto.

Por outra banda, a situación dos departamentos de Orientación é crítica, cunha falta de persoal que é evidente para as comunidades educativas. Orientadoras/es comparten varios centros, sendo incapaces de realizar os informes do alumnado NEAE recén incorporado nun tempo razoable. Iso ten como consecuencia que mentres non está completo o expediente non se lles asigna os apoios ou reforzos necesarios ao novo alumnado. Pero despois, a Consellería tampouco respecta os seus informes como debera, incumprindo a Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galiza.

As especialistas en Pedagoxía Terapéutica ou Audición e Linguaxe non son suficientes para atender ao gran número de alumnado que o precisa, que cada curso é maior. Faltan coidadores/as para os nenos e nenas con problemas físicos ou necesidade constante de acompañamento. En moitos casos atenden a varias persoas do centro e nalgunhas ocasións reciben ordes para deixar o seu centro temporalmente para atender alumnado doutro, desatendendo así o alumnado que tiña asignado.

En peor situación están os nenos e nenas que precisan un apoio e seguimento dentro das aulas por parte dun/ha especialista en Pedagoxía Terapéutica Preferente, sen este recurso non poden seguir o ritmo das súas compañeiras de clase.

Esta situación afecta maiormente a alumnado TEA, TDA, TDAH, Dislexia, etc., pero tamén a aquel vulnerable por outros motivos como son os estranxeiros, en situación de risco de exclusión social, etc.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:52:51
Nº Rexistro: 46773
Data envío: 20/01/2026 12:52:51.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero se hai un alumnado moi sensible a estas circunstancias que foron enumeradas, é aquel con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Nenos e nenas que adoecen por dispoñer nos centros ordinarios de todos os apoios, reforzos e especialistas necesarios para cada caso en concreto e gozar así dunha integración e inclusión real. Así nolo fixeron chegar ao BNG as representantes da Federación Down Galicia, preocupadas/os pola situación que se vive na actualidade dentro dos centros educativos sen os recursos necesarios para que esa inclusión reivindicada por todo o colectivo poida ser efectiva e real.

Polo tanto é un dereito do alumnado con Diversidade ter garantida unha educación de calidade e para iso precisa do profesorado de reforzo e especialistas, que indiquen os informes médicos e de Orientación, para poder seguir o ritmo da súa aula.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión se esta non ven acompañada dos recursos precisos para que a atención a todos e cada un dos alumnos/as sexa a que estas precisan.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP completar os cadros de persoal docente de todos os centros educativos e dotación do profesorado de apoio, reforzo e especialistas (PT, AL e Aux. Coidadores/as) necesario para todo o alumnado, sobre todo tendo en conta aqueles que precisan PT preferentes?

2.- Vai a Consellería de Educación realizar un estudo público e específico de cada centro escolar das necesidades de docentes e especialistas, actualizando os cadros de persoal se é preciso, vixentes dende o 2009, para conseguir plantillas estables?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:52:51
Nº Rexistro: 46773
Data envio: 20/01/2026 12:52:51.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Vai a Consellería deseñar un Plan Formativo de calidade para as docentes, específicos para unha atención personalizada do alumnado, con metodoloxías inclusivas, con formacións prácticas nas aulas e acompañamento posterior nos centros, con técnicas e ferramentas actualizadas e innovadoras dende o punto de vista educativo e pedagóxico?

4.- Vai implementar Plans e Programas estables no tempo para complementar as necesidades educativas do alumnado máis vulnerable?

5- Vai a Consellería aumentar a partida orzamentaria para poder asumir este incremento de profesorado e especialistas onde sexa preciso nos centros educativos do País así como para a súa formación específica?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:52:51
Nº Rexistro: 46773
Data envio: 20/01/2026 12:52:51.691

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:52:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2026 12:52:37**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:52:51
Nº Rexistro: 46773
Data envio: 20/01/2026 12:52:51.691

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:52:52**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:55:33
Nº Rexistro: 46774
Data envio: 20/01/2026 12:55:33.242

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema** e **Cristina Fernández Davila**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o impulso de melloras estruturais no CEIP Plurilingüe de Carnota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe de Carnota inaugurouse no ano 1974 e dende ese ano non se volveu facer ningunha reforma estrutural do mesmo, si pequenas reparacións e varias mans de pintura. Mais a realidade é que a ANPA do colexio vén denunciando a situación de penosidade na que se atopa, e que precisa de reformas estruturais que debe resolver a Xunta de Galiza.

A ANPA dirixiuse por carta ao Conselleiro de Educación en decembro de 2024 dándolle traslado do informe elaborado polo propio colexio no que se recollen as necesidades máis urxentes e as reformas que precisan realizar para impartir as aulas en mellores condicións que as existentes e queixándose de que nos últimos oito anos non se atenderon, por parte das administracións, ningunha das peticións realizadas, incluso algunhas de mantemento de carácter anual.

Neste informe relatan que o sistema de calefacción non funciona correctamente, cunha caldeira antiga e cun depósito con lodos que non se limpan, ao que se suma unhas fiestras antigas de aluminio de cristal simple, con caixas sen aillar e unha mala orientación do centro, xa que só da o sol pola tarde. A vista disto, é necesario afrontar

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:55
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 20/01/2026 ás 12:55
Por Oscar Insua Lema
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reformas de illamento e de eficiencia enerxética, como primeira medida urxente e que non pode demorarse máis.

Pero son moitas máis as reformas, que son estruturais e que precisan unha actuación por parte da consellería, como pode ser a do tellado do centro de ensino, as filtracións e humidades no ximnasio, que impide que os nenos e nenas poidan usalo na súa totalidade nos días de choiva ou o afundimento do piso nalgunhas aulas e corredores, que indican que o centro non ten a cimentación nas condicións adecuadas, polo que sería oportuno facer un informe xeotécnico e arquitectónico.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Existen informes técnicos da Consellería de Educación sobre o estado no que se atopa o CEIP Plurilingüe de Carnota?

-Respondeu a Consellería ao escrito enviado pola ANPA San Gregorio? Púxose en contacto algún responsable da Consellería coa ANPA ou coa Dirección do centro de ensino de Carnota?

-Considera necesario a Consellería executar este ano as obras solicitadas pola ANPA de cambio de fiestras e de eficiencia enerxética?

-Vai licitar a Xunta de Galiza, de forma inmediata, aló menos as obras máis urxentes no CEIP Plurilingüe de Carnota?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:55:33
Nº Rexistro: 46774
Data envio: 20/01/2026 12:55:33.242

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 12:55:08**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 12:55:16**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:55:33
Nº Rexistro: 46774
Data envio: 20/01/2026 12:55:33.242

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:55:35**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:58:59
Nº Rexistro: 46775
Data envío: 20/01/2026 12:58:59.320

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 20/01/2
12:58
Por Noa Presas Berga

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema** e **Noa Presas Bergantiños**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o incremento do cadro de persoal e a cobertura das baixas nos xulgados de Ourense.

Asinado o día 20/01/2026 ás
12:58
Por Óscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O libro do cadro de persoal ao servizo da administración de xustiza publicado polo Consello Xeral do Poder Xudicial recolle que, por exemplo, o Xulgado de Instrución núm. 2 de Ourense conta cos dúas traballadoras do corpo de xestión procesual, catro do de tramitación e 1 de auxilio xudicial. Cadro de persoal moito máis reducido ao que contan outros órganos análogos de partidos xudiciais da Comunidade Valenciana, de Castela A Mancha, Andalucía ou da propia Galiza.

Asi, xulgados de instrución de Toledo, Alicante, Xaén ou A Coruña contan con máis persoal do corpo de xestión ou auxilio, ou de ambos que os xulgados de Ourense; aínda que o módulo que serven de referencia para medir a carga de traballo é o mesmo para todas as unidades xudiciais do Estado.

Asinado o día 20/01/2026 ás
12:58
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Porén esta diferenza de partida vese agravada pola falla de dilixencia da Xunta de Galiza na cobertura das baixas que se producen no xa reducido cadro de persoal do xulgados. Asi, organizacións sindicais veñen de denunciar que o cadro de persoal do referido Xulgado de Instrución núm.2 de Ourense atópase “baixo mínimos”. Dende o 16 de xuño -hai máis dun mes- os efectivos dun dos corpos de funcionarias está á metade, situación que se verá agravada polo traslado doutra das súas traballadoras. Esta situación

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

impide que actualmente sexa incompatible atender o servizo de garda que ten conferido co despacho ordinario dos asuntos do xulgado. Cumpre lembrar que os xulgados de instrución de Ourense deben atender o servizo de garda unha semana cada tres, polo que de non corrixirse esta situación de xeito inmediato a tramitación ordinaria dos procedementos sufrirá unha importante demora con evidente prexuízo na instrución e investigación das causas que se seguen nesta unidade e que mesmo pode implicar a impunidade de feitos delitivos ou unha rebaixa substancial da pena correspondente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar o cadro do persoal, nos corpos de xestión, tramitación e/ou auxilio xudicial, das unidades do partido xudicial de Ourense?

Cal é o cadro actual do persoal do xulgado de instrución núm.2 de Ourense?

Cantas baixas se produciron nesta unidade xudicial nos últimos dous meses e en que data foron cubertas, ou cal foi a razón da súa non cobertura?

Considera a Xunta de Galiza que o persoal de que dispuña o xulgado os días 22 e 23 de xullo era abondo para atender o servizo de garda e o despacho ordinario dos asuntos?

No seu caso cales poden ser as consecuencias da paralización ou demora na instrución dos procedementos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:58:59
Nº Rexistro: 46775
Data envio: 20/01/2026 12:58:59.320

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 12:58:30

Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 12:58:38

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 12:58:46

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 12:58:59
Nº Rexistro: 46775
Data envio: 20/01/2026 12:58:59.320

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 12:59:00**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:00:54
Nº Rexistro: 46776
Data envío: 20/01/2026 13:00:54.632

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro Garcia, Secundino Fernández Fernández, Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de reforzar a protección do Camiño Francés como Ben Patrimonio da Humanidade ante as ameazas da implantación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei.

Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:00
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial elaboradas polo Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO determinan os criterios para a inscrición de bens na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo.

O artigo 179 regula as situacións en que os bens culturais poden pasar a ser inscritos na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo caso de estaren expostos a algún perigo grave que pode ocasionar repercusións prexudiciais nas súas características esenciais e, en consecuencia, o seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade.

Entre estes perigos graves singularízanse, por exemplo, a existencia de perigos derivados de proxectos de ordenación territorial ou os perigos causados por plans urbanísticos.

Asinado o día 20/01/2026 ás 12:59
Por Mercedes Queixas Zas

No caso de bens naturais protexidos, estas Directrices Prácticas identifican, entre outros, como perigo comprobado sobre estes cando se produza “uha grave alteración da beleza natural ou do interese científico do ben que resulte, por exemplo, dun

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:00:54
Nº Rexistro: 46776
Data envio: 20/01/2026 13:00:54.632

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asentamento humano, da construción de embalses que provoquen a inundación dunha superficie considerábel do ben, do desenvolvemento industrial e agrícola, a saber, obras públicas ou privadas de gran envergadura, explotacións mineiras, contaminación, utilización de insecticidas ou abonos, explotación forestal, recolección de leña, etc.

Estas situacións de perigo poderían estar a comprometer a declaración do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, así declarado en 1993. A orixe desta ameaza a un patrimonio galego fundamental do punto de vista sociocultural e económico reside no proxecto de instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei que a sociedade galega está a rexeitar publicamente unha e outra vez. Unha ameaza que se acaba de consolidar unha vez publicada a DÍA concluíndo a Xunta que o proxecto é ambientalmente viábel.

A propia DÍA recolle a petición á empresa promotora de informes complementarios para avaliar o impacto sobre o patrimonio cultural e natural provocado pola instalación da planta industrial da macrocelulosa de Altri, a creación de accesos, a captación e verteduras, unha liña eléctrica de 15 KV, impactos derivados da emisión de diferentes substancias que afecten á calidade do aire, etc.

Sorprende que nesta DÍA a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informe favorabelmente esta planta industrial, cando afecta unha parte da zona protexida de amortecemento, así como un radio de 15 km de impacto visual da planta, sen ficar esclarecida a totalidade da información requirida á empresa.

E aínda sorprende máis que se informe a favor da macrocelulosa de Altri recollendo a obriga de presentar diferente documentación, como proxectos de control arqueolóxico ou de tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción das instalacións, unha vez aprobado o proxecto industrial. Isto é, mentres se recoñece a importancia de cumprir os altos valores de protección que implica a



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consideración do Camiño francés como ben de Patrimonio da Humanidade, infórmase favorabelmente a DÍA a expensas de novos informes que garantan estes valores unha vez aprobado o proxecto.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedor o Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO da afectación da implantación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei?

- Dispón o goberno galego dalgún informe por parte deste Comité?

- Pensa a Xunta que a concesión da DÍA favorábel ao proxecto de Altri respecta as Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial que rexen o Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade?

- Está en disposición de garantir a Xunta que a autorización ambiental á macrocelulosa de Altri non compromete a protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:00:54
Nº Rexistro: 46776
Data envio: 20/01/2026 13:00:54.632

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2026 12:59:55

Daniel Castro García na data 20/01/2026 13:00:04

Secundino Fernández Fernández na data 20/01/2026 13:00:24

Iria Taibo Corsanego na data 20/01/2026 13:00:30

Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 13:00:37

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:00:54
Nº Rexistro: 46776
Data envio: 20/01/2026 13:00:54.632

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:00:55

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:03:24
Nº Rexistro: 46777
Data envío: 20/01/2026 13:03:24.792

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 20/01/2
13:02
Por Iago Tabarés Pér

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o 'Bono Actívate' prometido en campaña pola Xunta de Galiza e os motivos de non ter sido publicado.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:02
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro de 2024, concretamente nos días previos á xornada electoral na cal as galegas e galegos escolleron as deputadas e deputados do Parlamento de Galiza, o titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, prometía o denominado 'Bono Actívate'. Unha axuda que o presidente da Xunta prometeu mais que, até o de agora, non se publicou nin se convocou.

Segundo anunciaba o señor Rueda, tratábase dun bono destinado a persoas maiores de 65 anos que tiña como obxectivo principal contribuír a favorecer a práctica deportiva neste sector da poboación do noso país. Estaría dotado cunha contía de 100 euros para as persoas ás que lle for concedido e poderíase destinar a varios fins, entre eles pagar as cotas dun ximnasio, clases deportivas ou de educación física ou mesmo material deportivo. Máis dun ano despois nada se sabe desta promesa feita en plena campala electoral polo presidente do Goberno galego.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:02
Por Iria Taibo Corsanego

Aconteceu algo semellante, por tanto, ao acontecido co denominado 'Bono Deporte', un bono que si foi convocado a comezos de 2024 (semanas antes do día das eleccións) mais que, unha vez pasado o ano electoral, a Xunta deixou de convocar tal e como se puido saber após a publicación dos orzamentos da Xunta para o ano 2025. Esta maneira de actuar do actual goberno de Galiza só vén a corroborar o uso electoralista que

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:03:24
Nº Rexistro: 46777
Data envío: 20/01/2026 13:03:24.792

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

se fai do deporte e da actividade física por parte do Partido Popular á fronte da Xunta, tal e como o Grupo Parlamentar do BNG vén denunciando ao longo desta XII lexislatura.

Compróbase máis unha vez que ao goberno do noso país non lle interesa a promoción da actividade física e de hábitos de vida saudábeis entre a cidadanía, senón que só usa bonos e anuncios de bonos que nin sequera se chegan a convocar para tentar sacar rédito electoral. Apelamos así ao PP e ao goberno galego a que deixen de usar o deporte desta maneira e que dunha vez por todas tomen coa seriedade que merece a promoción da actividade física neste país que, infelizmente, adoece de ser unha nación cun elevado índice de persoas con obesidade e sobrepeso.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Por que non convocou o 'Bono Actívate' a Xunta de Galiza a pesar de ser unha promesa electoral feita polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, en febreiro de 2024?

- Non lle parece ao Goberno galego que se fixo un uso electoralista do denominado 'Bono Actívate'?

- Ten pensado a Xunta convocar este bono nalgún momento? En caso afirmativo, de canto orzamento o dotará?

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza os elevados índices de sobrepeso e obesidade rexistrados en Galiza?

- Cre o Goberno que está a facer o suficiente para a promocionar entre o pobo galego a actividade física e hábitos de vida saudábeis?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:03:24
Nº Rexistro: 46777
Data envio: 20/01/2026 13:03:24.792

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 20/01/2026 13:02:39

Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 13:02:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:02:52

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:03:24
Nº Rexistro: 46777
Data envio: 20/01/2026 13:03:24.792

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:03:25**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:37
Nº Rexistro: 46779
Data envío: 20/01/2026 13:08:37.794

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o procedemento que impulsa o Ministerio de Educación para a reforma da profesión docente no Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a publicación, en xaneiro de 2022, dun deficiente documento de 24 propostas para debate sobre a reforma da profesión docente, retómase novamente esta cuestión, tres anos despois, convocando dende o Ministerio de Educación á representación sindical do profesorado, así como ás persoas responsables das Comunidades Autónomas.

Parece que o Ministerio se toma con total tranquilidade e parsimonia esta encomenda da Disposición Final Sétima da Lomloe aprobada en 2020, que fixaba o prazo dun ano para facer unha proposta normativa que regulara a formación inicial e permanente, o acceso e o desenvolvemento profesional docente.

O Ministerio de Educación organizou catro grupos de traballo cos sindicatos que forman parte da Mesa Docente Estatal, en torno ás seguintes temáticas:

1. Marco de Competencias Profesionais Docentes e Formación inicial do profesorado (documento marco; graos e masteres en educación).

2. Sistemas selectivos e ingreso na función docente (modelos de ingreso; titorización de prácticas e iniciación á docencia; temarios.)

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:08
Por Daniel Castro García

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:08
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:37
Nº Rexistro: 46779
Data envio: 20/01/2026 13:08:37.794

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Formación permanente do profesorado, sistemas e procedementos para o seu desenvolvemento profesional docente.

4. Condicións do desempeño docente (xornada; ratios, apoios para necesidades específicas, desburocratización).

Na primeira reunión destes grupos de traballo é presentado novamente o mesmo documento de 2022 que vai servir como marco para debate do futuro desenvolvemento normativo, cuestión que parece insuficiente despois dunha parálise do Ministerio de tres anos, ter que comezar agora de cero.

Esta actuación demostra unha falta de propostas por parte do Ministerio sobre a mellora das condicións de traballo do profesorado, cuestión que é da súa competencia exclusiva.

Por outra banda, o Goberno da Xunta de Galiza, en concreto a Consellería de Educación, non se ten manifestado en todo este tempo sobre esta inacción, mentres negociaba de xeito miserable o acordo de outubro de 2023 con algúns sindicatos, polo que podemos deducir que nada debemos agardar nesta liña, xa que ten demostrado sobradamente a súa falta de interese.

Estamos pois, ante unha parálise na que o Ministerio de Educación non mostra ningunha intención de impulsar unha negociación real que permita acadar nun prazo razoable, normativa que regule as competencias profesionais docentes, a formación inicial do profesorado, os sistemas selectivos e o ingreso na función docente, a titorización de prácticas e iniciación á docencia, a formación permanente do profesorado e os sistemas e procedementos para o desenvolvemento da carreira profesional docente.

É dicir, non se prevé un impulso decidido por ter en breve unha batería de melloras concretas para o profesorado. E se estas medidas non son aprobadas antes de finalizar o curso actual, pendentes despois de trámites lexislativos, a súa



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implementación pódese alongar indefinidamente. Será outra lexislatura perdida no ámbito educativo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai o Goberno galego, a través da Consellería de Educación, esixir ao Ministerio de Educación o impulso, con propostas claras e decididas, dos grupos de traballo que consensúen nun prazo breve e determinado a reforma da profesión docente?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:37
**Nº Rexistro: 46779**
Data envio: 20/01/2026 13:08:37.794

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 13:08:11**

**Daniel Castro García na data 20/01/2026 13:08:22**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:37
Nº Rexistro: 46779
Data envio: 20/01/2026 13:08:37.794

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:08:38**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:51
Nº Rexistro: 46780
Data envío: 20/01/2026 13:08:51.125

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 20/01/2 13:08
Por Noa Presas Berg

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago Suárez Fernández** e **Noa Presas Bergantiños,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a construción do Parque acuático no concello de Monterrei, en Ourense.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:08
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2016, apenas 15 días antes da celebración de eleccións ao Parlamento de Galiza, Alberto Núñez Feijoo, na súa condición de Presidente da Xunta, prometeu a construción dun parque acuático para Ourense, que se situaría no complexo deportivo de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar.

Non foi ate 3 anos despois da promesa cando a Fundación Deporte Galego asinou un contrato coa mercantil Amusement Logic, S.L. para a realizar dun informe sobre a viabilidade do proxecto anunciado, así como a determinación do seu concreto contido e das fases para a súa execución.

O proxecto informado pola empresa contratada contemplaba a súa construción en fases, concretamente en 3, a fin de que dende o primeiro momento o parque puidera ser utilizado sen problemas e que o desenvolvemento de cada fase non impedira o funcionamento do parque.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:08
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

En concreto o proxecto se dividiría en tres fases, a primeira que incluía "un conxunto de espectaculares atraccións, composta por un tobogán "Río Aventura" con 104 m. de percorrido, un espectacular "Agujero Negro" de 97 m., un tobogán "Caída libre" de 59 m. e un "Hidrotubo" de 88 m. de longo.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:51
Nº Rexistro: 46780
Data envio: 20/01/2026 13:08:51.125

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Seguindo o percorrido atoparíase a “grande zona familiar”, cunha piscina de ondas e unha piscina de relax conectadas a través do denominado “río lento”.

A segunda fase consistiría na zona infantil composta por unha zona “Splash Pad” e unha grande piscina, executada por adaptación das existentes.

A terceira e última fase incluiría un “espectucular Black Hole” de 80 m. de recorrido e de máis de 12 m. de altura, e un tobogán multipista de 5 rúas e cunha altura de saída de máis de 8m.

O importe do proxecto importaría a suma de 7.285.489 € (4.244.808€, 801.115 € e 2.239.596 €, respectivamente.

Non é ate setembro de 2020 cando se inicia o proceso para a contratación do servizo de redacción do proxecto de construción, licitado consonte aos criterios do informe previo e adxudicado á empresa Naos 04 Arquitectos, S.L.P. o 30 de decembro de 2020. Proxecto que consonte ao contrato asinado en febreiro de 2021 debía estar executado, nas súas catro fases, no prazo improrrogable de 17 semanas.

A construción da 1ª fase foi adxudicada en setembro de 2021 en máis de 4,7 M€ e cun prazo de execución de 8 meses. Paralizada a execución das obras por parte da adxudicataria no mes de marzo de 2022 -6 meses após a adxudicación- a Xunta non procedeu á resolución do contrato ate o mes de setembro. Durante todo o verán e en contra do analizado no seu día, toda a zona acuática do Complexo Deportivo de Monterrei estivo pechada ao uso da cidadanía.

Non é ate o mes de xaneiro de 2023 cando se formaliza a continuación das obras de construción da 1ª fase, por un importe de 5.676.246,27€ e cun prazo de adxudicación de 6 meses. Transcorrido o prazo previsto tampouco neste caso estivo rematada a obra, polo que a cidadanía de Ourense viuse privada boa parte do verán do acceso ao espazo acuático, non acordando a Xunta a súa apertura parcial ata ben iniciado o mes de agosto.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:51
Nº Rexistro: 46780
Data envio: 20/01/2026 13:08:51.125

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O pasado día 21 de maio formalización o contrato para a construción da 3ª e 4ª fase o Parque Acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei coa empresa S.A. de Obras y Servicios, COPASA, por un importe de 1.845.976 € e cun prazo de execución de 8 meses.

Rematada este contrato restaría a fase 2 resultando, unha vez executada, un parque moi inferior ao concibido e prometido inicialmente e cuxo financiamento, segundo as últimas manifestacións do Secretario Xeral de Deportes, será realizado pola Xunta de Galiza e pola Deputación Provincial de Ourense ao 50 %.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que contrato asinou a Xunta de Galiza coa empresa Amusement Logic, S.L. cal foi obxecto do mesmo e o procedemento seguido para a selección desta empresa, así como o importe aboado a esa mercantil?

Considera a Xunta de Galiza que o proxecto que ten previsto executar a Xunta de Galiza se corresponde fielmente coa proposta realizada pola empresa Amusement Logic, S.L.?

En caso negativo, en que momento e por que razón a Xunta de Galiza renunciou a executar o parque acuático proposto no estudo inicial?

Considera a Xunta de Galiza que as características contidas no PCAP do procedemento para a contratación do servizo de redacción do proxecto de construción do parque acuático de Monterrei, correspóndense co contido na resolución de adxudicación do contrato?

No seu caso, cal foi a razón da modificación?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En que momento e por que razón a Xunta de Galiza decidiu non financiar na sua totalidade a construción do parque acuático en Monterrei?

Cal é a previsión da Xunta de Galiza sobre o custe total da construción que finalmente suporá a construción do parque acuático?

Canto é o importe que soportará a Xunta de Galiza e cal é o afrontará a Deputación Provincial de Ourense?

Considera a Xunta de Galiza que o Parque Acuático de Monterrei ten a consideración de infraestrutura deportiva?

Cando ten previsto a Xunta de Galiza executar a denominada Fase 2 do Parque Acuático?

Incoou a Xunta de Galiza algún procedemento por penalidades por incumprimentos das contratistas na execución dos contratos de construción da primeira fase do proxecto?

No seu caso, con que alcance e consecuencias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:51
Nº Rexistro: 46780
Data envio: 20/01/2026 13:08:51.125

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:08:25**

**Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 13:08:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 13:08:37**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:08:51
**Nº Rexistro: 46780**
Data envio: 20/01/2026 13:08:51.125

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:08:52**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:11:48
Nº Rexistro: 46781
Data envio: 20/01/2026 13:11:48.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a sentenza de 12 de xuño de 2024 do TXUE e as eventuais compensacións ás traballadoras públicas vítimas de abuso da temporalidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolvendo diversas cuestións prexudiciais elevadas en maio de 2022 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.17 de Barcelona, o día 13 de xuño de 2024 ditou sentenza na que, interpretando a cláusula 5ª do Acordo Marco sobe o Traballo de Duración Determinada, celebrado o día 18 de marzo de 1999 e que figura como anexo da Directiva Comunitaria 1999/70 do Consello de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, UNICE e o CEEP; entre outros pronunciamento, estableceu que:

A Cláusula 5 do Acordo Marco sobre o Traballo de Duración Determinada, celebrado o 18 de marzo de 1999, que figura no anexo da Directiva 1999/70, á luz dos principios de proporcionalidade e de reparación íntegra do prexuízo sufrido, debe interpretarse no sentido de que se opón a unha xurisprudencia e a unha normativa nacionais que contemplan como medidas para sancionar a utilización abusiva de sucesivos contratos ou relacións de emprego de duración determinada, respectivamente, o mantemento do empregado público afectado ata a convocatoria e resolución de procesos selectivos pola Administración empregadora, a convocatoria de tales procesos e o abono dunha compensación económica cun dobre límite máximo en favor unicamente do empregado público que non supere ditos procesos, cando esas medidas

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:11
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:11
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:11:48
Nº Rexistro: 46781
Data envio: 20/01/2026 13:11:48.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non sexan medidas proporcionadas nin medidas suficientemente efectivas e disuasorias para garantir a plena eficacia das normas adoptadas en virtude da devandita Cláusula 5.

A sentenza que, máis unha vez, recoñece a primacía do Dereito Comunitaria, malia sinalar que a súa aplicación non pode vulnerar normas esenciais do dereito interno de cada Estado, abre a porta a indemnizacións máis altas das actuais, por considerar que non son abondo disuasorias, nin cumpren cos principios de proporcionalidade e reparación íntegra. O dobre límite máximo establecido nas compensación vixentes non permite, a xuízo do TXUE, nin unha reparación proporcionada e efectiva nas situacións de abuso que superen unha determinada duración, nin unha reparación íntegra dos danos derivados de tales abusos.

Indemnización que por outra banda non debe circunscribirse ás traballadoras que non lograran a estabilización na praza.

A referida sentenza, que resolve cuestións prexudiciais e non é de aplicación directa aos casos concretos aos que se refire, cuestiona a procedencia das indemnizacións previstas na lei estatal 20/21 e na lei 5/2022 do Parlamento de Galiza provocando unha situación de inseguridade xurídica e de incerteza, tanto para as traballadoras como para as propias administracións públicas

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cónstalle á Xunta de Galiza o número e antigüidade das traballadoras do sector público autonómico en situación de abuso da temporalidade?

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:11:48
Nº Rexistro: 46781
Data envio: 20/01/2026 13:11:48.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que unha indemnización de 20 días por ano traballado cun límite de 12 mensualidades é abondo disuasoria para evitar as situacións de abuso da temporalidade, e suficientemente compensatoria para as traballadoras?

No seu caso, como debería determinarse a compensación?

Considera a Xunta de Galiza que a compensación debería limitarse ás traballadoras que non lograsen a estabilización da praza?

Cal é o importe das indemnizacións satisfeitas a traballadoras por abuso da temporalidade?

Cantas solicitudes de compensacións por sufrir abuso de temporalidade recibiu a Xunta de Galiza?

Ten realizado algunha valoración do alcance económico que suporía o recoñecemento dunha compensación de 33 días por ano traballado á todas as traballadoras do sector público autonómico vítimas de abuso da temporalidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:11:48
Nº Rexistro: 46781
Data envio: 20/01/2026 13:11:48.265

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:11:24**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:11:32**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:11:48
Nº Rexistro: 46781
Data envio: 20/01/2026 13:11:48.265

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:11:49**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 46782
Data envio: 20/01/2026 13:13:59.576

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández González, Carmela González Iglesias, Cristina Fernández Davila** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a zonificación escolar de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual zonificación escolar de Vigo está totalmente obsoleta logo de 26 anos de vixencia. A pesar dos numerosos anuncios e das tentativas por parte da Xunta para a súa modificación, o certo é que nunca se levou adiante. Neste tempo a cidade de Vigo mudou, tanto na súa extensión como na súa composición e distribución demográfica, por iso esta arcaica e errática zonificación vixente aínda hoxe non dá resposta ao Vigo actual.

Ademais, o actual modelo está condicionado e vinculado coa eiva histórica de creación de centros públicos no centro da cidade, o cal ten derivado nun déficit de prazas públicas nesta área, mentres que noutros ámbitos periféricos se rexistran situacións inversas. Polo tanto unha futura zonificación debería contribuír a corrixir, e non a agravar aínda máis, esta situación particular e no xeral a reforzar o peso do sistema público educativo.

Nese sentido, é coñecido que todo o relativo coa mobilidade constitúe un factor importante para a escolla do centro, polo que toda futura zonificación debe mellorar e adecuar os servizos de transportes dos centros públicos. A actual delimitación das zonas escolares e a as adscricións de centros está condicionando unha limitada prestación dos



Asinado o día 20/01/2 13:12 Por Cristina Fernánde
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:12 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:12 Por Alexandra Fernández Gómez
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 46782
Data envio: 20/01/2026 13:13:59.576

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos educativos e complementarios, xa que os centros non poden transportar alumnado fóra dos límites da súa propia zona escolar. Unha situación que xera un agravio comparativo ao respecto dos centros privados e concertados que non contan con este tipo de restricións.

Outro dos problemas que xera a actual zonificación é o desequilibrio de oferta que existe nos Institutos de Educación Secundaria públicos, entre a escaseza de liñas e prazas para os cursos da ESO e a oferta ampliada para Bacharelato. Unha decisión que ten como obxectivo adecuar a oferta pública ás necesidades do sistema educativo privado, mais que implica que haxa moitos rapaces e rapazas que queren acceder na etapa da ESO ao seu IES público máis próximo e que non teñen praza, por mor de que esas aulas se reservan para acoller en bacharelato ao alumnado do sistema privado.

A futura construción, demorada durante anos, do IES no barrio de Navia vai supor unha nova mudanza, que sumada a todo o anterior, fai aínda máis necesario que o goberno galego leve adiante unha nova proposta de zonificación co obxectivo de adecuala ao Vigo de 2025 e de fortalecer o ensino público. A demandada nova zonificación debe construírse dende o diálogo e o consenso coa comunidade educativa e a sociedade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Ten previsto a Xunta de Galiza realiza unha nova zonificación escolar en Vigo?

- En que curso escolar prevé a Xunta aplicar unha nova zonificación en Vigo?

- Cal foi até o de agora a interlocución social?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que obxectivos se marca a Xunta de cara a unha nova zonificación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 46782
Data envio: 20/01/2026 13:13:59.576

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2026 13:12:37**

**Carmela González Iglesias na data 20/01/2026 13:12:47**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 13:12:54**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/01/2026 13:13:08**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 46782
Data envio: 20/01/2026 13:13:59.576

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:14:00

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:14:22
Nº Rexistro: 46784
Data envío: 20/01/2026 13:14:22.910

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2
13:14
Por Óscar Insua Lem

## Á Mesa do Parlamento

**Carmela González Iglesias**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a precariedade do servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Val Miñor.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:14
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Val Miñor é un servizo con só 12 traballadores/as cos que se fan quendas de 2 efectivos - cando, como mínimo e por seguridade, deberían ser de 3 –, un número mal dimensionado mesmo para mobilizar o número de vehículos de que dispoñen, pero sobre todo claramente insuficientes para facer fronte ás posíbeis emerxencias da poboación habitual do Val Miñor de 45.000 habitantes, poboación que se triplica en época estival.

Para poder cubrir as quendas con máis efectivos estase a recorrer ás horas extras voluntarias, no canto reforzar o servizo con novas contratacións, tal como estaba establecido xa no convenio asinado en 2018 que contemplaba que en 2021 debíanse incrementar en seis efectivos até acadar 18 traballadores/as. Se a esta situación se lle suman baixas, permisos ou vacacións, as quendas chegan a ser dunha soa persoa ou, no peor dos casos, o servizo pecha por falta de persoal, como xa ten pasado moitas veces.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:13
Por Carmela González Iglesias

A esta situación hai que lle engadir as derivadas da non solución do caso de acoso sufrido no seo do GES agora xudicializado e á paralización do proceso de estabilización do postos de traballo, ambos os dous asuntos dilatados durante anos pola

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:14:22
Nº Rexistro: 46784
Data envio: 20/01/2026 13:14:22.910

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inacción reiterada da Xunta de Goberno da Mancomunidade formada polos alcaldes dos tres concellos do Val.

A problemática laboral non é a única. A precariedade en que vive o servizo de emerxencias afecta tamén ás súas dependencias. Por un lado está a situación de absoluto abandono e deixamento da actual sede do GES. Nun edificio compartido con outros servizos do Concello de Nigrán, cunhas instalacións cheas de humidades, paredes desconchadas, varandas desprendidas, teitos con pingueiras, unha escaleira perigosa, sen espazo para o adestramento físico en interior; en definitiva un espazo insalubre e incompatible cunhas condicións laborais minimamente dignas, e que nin a Xunta do PP nin os sucesivos presidentes da Mancomunidade, os socialistas de Nigrán e Gondomar, e o popular de Baiona, fan nada por arranxar. E por outro, a desaxeitada localización da propia sede, situada ao carón dun instituto de educación secundaria que concentra en determinadas horas innumerables vehículos e persoas, o que pode dificultar enormemente as saídas de emerxencias.

Esta situación fai imprescindible ou a construción dunha nova sede para o Grupo de Emerxencias ou o seu traslado a unhas novas dependencias, unha nova localización que evite ter os vehículos á intemperie, que estea situada nun lugar axeitado, que facilite a comunicación con todo o Val, deseñada funcionalmente para o seu cometido e específica para o servizo, que o dote de maior seguridade e efectividade. Unhas novas dependencias que deberan ser o resultado dun convenio no que a Mancomunidade debe sumar as outras administracións competentes, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

Toda esta realidade é de sobra coñecida, non é de onte, nin sequera dos últimos cinco anos, vén de lonxe, e xa se ten denunciado reiteradamente, mais a día de hoxe, nada se moveu por parte desta institución (Mancomunidade), nin doutras que comparten competencias en materia de emerxencias (Xunta e Deputación), cun desleixo temerario



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por parte dos sucesivos gobernos, que pon en xogo nada máis e nada menos que o correcto funcionamento dun servizo do que poden chegar a depender os nosos bens e as nosas vidas, polo que as institucións responsábeis deben actuar e non mirar para outro lado, para evitarmos ter que lamentar non ter feito nada a tempo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Coñece o Goberno Galego as instalacións do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Val Miñor?

- Como valora o Goberno Galego a situación na que se atopan estas instalacións?

- Pensa o Goberno Galego que é necesario dotar ao GES dunha nova sede acorde co servizo que presta?

- Sabe o Goberno Galego que a localización actual do GES do Val Miñor non responde ás necesidades dos tres concellos da val?

- Como valora o Goberno Galego a falta de persoal do GES do Val Miñor?

- Pensa o Goberno Galego que o GES do Val Miñor pode prestar un servizo adecuado con unha soa persoa traballando, tal e como ocorre en ocasións pola falta de persoal?

- Considera o Goberno Galego necesario resolver o proceso de estabilización e incrementar o número de efectivos deste GES?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como pensa o Goberno Galego que se vai garantir a seguridade da poboación do Val Miñor se non se dota ao GES de suficiente persoal?

- Ten intención o Goberno Galego, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e a Mancomunidade do Val Miñor, de dotar dunhas novas dependencias ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Val Miñor que cumpra con todas as necesidades do servizo, nunha nova localización que facilite a comunicación con todo o val, que estea deseñado funcionalmente para o seu cometido e que sexa específico para garantir un servizo adecuado a poboación dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:14:22
Nº Rexistro: 46784
Data envio: 20/01/2026 13:14:22.910

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 20/01/2026 13:13:53
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:14:01
Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:14:08

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:14:22
Nº Rexistro: 46784
Data envio: 20/01/2026 13:14:22.910

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:14:23**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:18:48
Nº Rexistro: 46785
Data envio: 20/01/2026 13:18:48.760

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza para permitir o voto a partir dos 16 anos de idade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi no ano 1985 que se aprobou a actual lei electoral que aínda rexe os comicios que teñen lugar en Galiza. Faise, por tanto, no actual ano o 40 aniversario dunha lei electoral que, ao ver do grupo parlamentar do BNG, está desactualizada e non representa a sociedade galega actual que mudou considerabelmente nas últimas catro décadas. Cremos así que estaría máis que xustificado ampliar o dereito a voto ás persoas con 16 anos de idade.

Hoxe por hoxe unha moza ou mozo galego de 16 anos ten unha serie de responsabilidades e dereitos que se corresponden coa madurez que se lle presupón ás persoas desa idade. Desta forma, é pouco comprensíbel que aínda se manteña a idade de 18 anos como a mínima para poder exercer o dereito a voto nunha sociedade na cal un mozo de 16 anos xa pode conducir, casar ou mesmo votar no seu centro de traballo en eleccións sindicais.

Desde o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego pensamos que é hora de mudar a lei electoral e pór Galiza á vangarda nesta cuestión. De todas as formas, Galiza non estaría soa neste ámbito xa que en países como Escocia ou Austria as persoas de 16 anos de idade xa teñen o seu dereito recoñecido pola lei a exerceren o



Asinado o día 20/01/2026 ás 13:17
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:17
Por Iago Suárez Fernández

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:18:48
Nº Rexistro: 46785
Data envio: 20/01/2026 13:18:48.760

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

voto. Non se trata dunha cuestión menor, trátase de que o Parlamento galego recoñeza un dereito máis a unha faixa da poboación galega e equiparar a lei electoral galega ás máis avanzadas de Europa.

Apelamos ao consenso dos grupos con representación no Parlamento galego para que este dereito sexa recoñecido por lei, para o que é necesario que esta cámara vote a favor de actualizar a actual lei electoral de 1985.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Está a Xunta de Galiza a favor de actualizar a Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza para, entre outras cuestións, permitir o voto ás persoas de 16 anos de idade?

- Se non, por que?

- Cre o Goberno galego que as persoas de 16 anos de idade de Austria ou Escocia non teñen a suficiente madurez como para teren o dereito a votar?

- Cre que o Goberno galego que actual lei electoral está desactualizada?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:18:48
Nº Rexistro: 46785
Data envio: 20/01/2026 13:18:48.760

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 13:17:45**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:17:59**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:18:49**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:20:38
Nº Rexistro: 46787
Data envio: 20/01/2026 13:20:38.171

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a contratación realizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ou outros organismos públicos para dotar os centros educativos de material dixital, electrónico ou análogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2021, o daquela Conselleiro de Cultura, Educación e Universidades anunciou a posta en marcha da **"Estratexia Educación Dixital 2030"**, co que sería a primeira acción, o Plan Dixital de Centro, dotado de 19 mill. € para a contratación de 80 docentes de apoio para acompañar aos centros na transformación tecnolóxica nas aulas, a través da Rede Galega de Educación Dixital.

O Conselleiro dicía que daríase un "salto cualitativo" no sistema educativo a través dun "cambio pedagóxico" con propostas específicas na especialización e na personalización da aprendizaxe.

Así, o goberno da Xunta, reservaba 120 mill. euros para os tres anos nos que sería desenvolto este Plan Dixital, dentro dunha estratexia que contemplaba accións coordinadas e planificadas dirixidas á comunidade educativa, coa incorporación de estratexias docentes e novas técnicas pedagóxicas enfocadas á transformación dixital.

É dicir, técnicas innovadoras dirixidas aos 55000 alumnos/as galegas que, incluídos no programa EDixgal, xa utilizaban o libro dixital nos centros adheridos. Ampliaba a directora de AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de



Asinado o día 20/01/2026 ás 13:17
Por Daniel Castro García
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:17
Por Cristina Fernández Davila
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:20:38
Nº Rexistro: 46787
Data envio: 20/01/2026 13:20:38.171

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza) datos como que todos os centros dispuñan de aulas virtuais, integrados na rede de viodeoconferencias docentes, con máis de 21000 persoas usuarias de promedio e picos de ata 100000 persoas usuarias nun día.

En maio de 2022, novamente o Conselleiro de Educación, destacaba a posta en marcha dunha nova acción dentro da Estratexia Educación Dixital 2030, o Programa “Polos Creativos” en 220 centros, coa implementación de equipamento específico para avanzar na dinamización tecnolóxica da educación. Deste xeito impulsaban máis de 23000 unidades tecnolóxicas, cun investimento de 8 mill. €.

A idea central dos Polos Creativos era exercer de catalizadores dun modelo de ensino de vangarda, consolidar comunidades artísticas e tecnolóxicas que estimularan a colaboración e a transformación innovadora.

De todos estes anuncios e notas de prensa aos medios de comunicación, houbo desembarco de materiais dixitais en abundancia en centros adheridos, solicitantes de Polos Creativos (aparellos diversos e moi específicos, kits...), mais tamén en moitos onde non había proxecto educativo de ningún tipo como nos centros adheridos, nin profesorado debidamente formado para dirixilo nas escolas ou institutos e acarrexaban un sobrecusto orzamentario para eles ao non estar cuberto pola Consellería o material funxible necesario. Non se preguntou aos centros se o querían ou non, nin tampouco se lles deu a posibilidade de elixir o material que se ía enviar. O material chegaba un día, nomeaban a un/ha docente para coordinar non sabían moi ben o que e obrigaba ao centro nalgúns casos a ter que facer un oco para ter unha aula preparada para ser usada con todo o equipo recibido.

Esta cantidade inxente de material que recaeu nos centros escolares, non pode ser usada así sen máis, senón que require formación e guías para o seu uso e para impulsar actividades co alumnado. É polo que a Consellería debera facer unha reflexión



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da posibilidade de que nalgúns casos non fora usado, ou non se fixera como correspondía.

En moitos casos a persoa docente asignada era interina e debía ser substituída o curso seguinte por outra nas mesmas circunstancias e problemas para facerse cargo dese "proxecto".

Moito dese material dixital e tecnolóxico contratouse mediante licitacións que se publicaron xa no ano 2021 a través de procedementos negociados sen publicidade (AMT-2021-0041 e AMT-2022-0099), incluso algún destes contratos foi prorrogado. E aínda a día de hoxe vemos como se están entregando paneis dixitais nos centros, ocasionando unha duplicidade de dispositivos dentro das aulas que ten a mesma función e que chegan apenas cun curso ou meses de diferencia. Algo realmente desproporcionado e mostra da falta de planificación e control do gasto orzamentario, precisamente nun servizo básico onde hai carencia doutros recursos, sobre todo de persoal docente. Na comunidade educativa descoñécese a razón pola que, coa chegada destes últimos paneis, coexisten varios nos centros e non saben que hai que facer cos "antigos", ao non ter ningún comunicado nin información sobre estas últimas chegadas de material que non foi solicitado por ninguén.

Por outra parte, despois de tanta propaganda e autobombo, querendo ser os mellores no Estado e con maior inmersión tecnolóxica, a intención de "incorporación de estratexias docentes e novas técnicas pedagóxicas enfocadas á transformación dixital", quedou en palabras baleiras, xa que o alumnado tan só mudou os libros en papel por libros dixitais a través do Edixgal, pero o resto do sistema educativo, os métodos de ensinanza ou pedagóxicos non mudaron.

A única avaliación sobre a mellora do sistema escolar coa aplicación de todo este material dixital millonario nos centros escolares, foi unha nota de prensa que di que os resultados educativos no alumnado Edixgal son iguais que o alumnado que non



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forma parte do Programa Dixital. Foi a partir da presentación dunha enquisa realizada por AnpasGalegas ás familias galegas, con alumnado Edixgal ou non, que a Consellería de Educación admite que é necesario realizar un estudo serio para realizar axustes e realiza unha enquisa entre o persoal docente que usa o Programa Dixital.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Cantos procedementos de contratación se tramitaron na Xunta de Galiza para subministrar aos centros educativos material dixital e tecnolóxico vinculado á Estratexia Educación Dixital 2030? Que orzamento leva executado a Xunta neste programa? A canto ascende o gasto executado en paneis dixitais para centros educativos e cal é o número existente actualmente e cantos quedan por subministrar?

2.- Porque motivo se está a duplicar nas aulas moito do material dixital e tecnolóxico que están a recibir nos centros educativos? É acumulativo ou substitutivo? Son os centros educativos, a través dun programa ou proxecto, os que solicitan o material que precisan para desenvolvelo? Que criterios utiliza a consellería para repartir este material?

3.- Ten o profesorado coordinador destes proxectos a formación suficiente para poder avanzar nos obxectivos dos mesmos co alumnado? Que formación reciben aquel profesorado que se fai cargo de material de Polos Creativos que o centro non solicitou a través dun proxecto?

4.- Considera a Consellería de Educación que o material que estase a entregar na actualidade nos centros cumpre cos obxectivos da Estratexia Dixital, despóis de catro anos e nun momento onde se está a cuestionar que teña unha avaliación positiva?

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:20:38
Nº Rexistro: 46787
Data envio: 20/01/2026 13:20:38.171

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Mellorou en algo a formación e coñecementos do alumnado que traballa con Edixgal e o material tecnolóxico? Que sistemas educativos innovadores e pedagóxicos se están a usar grazas a estes novos métodos dixitais?

6.- Cantos contratos faltan para subministrar os paneis dixitais e resto de material tecnolóxico para cumprir os obxectivos da Estratexia Dixital deseñada pola Consellería? Son iguais todos os paneis dixitais distribuídos nos distintos centros educativos na Galiza?

7.- Existe algún motivo polo que a Consellería de Educación non limitou, nos pregos administrativos de contratación, o número de adxudicacións a unha mesma empresa destes contratos da subministración do material dixital e tecnolóxico?

8.- Vai a Consellería de Educación incluír na vindeira Lei de Educación Dixital de Galiza a creación dunha comisión de asesoramento e seguimento, onde se fixen os criterios para que o material tecnolóxico sirva para a mellora na calidade educativa a través de novos métodos de ensinanza innovadores, educativos e pedagóxicos?

9.- Vai a Consellería establecer un sistema de indicadores de mellora educativa obxectivos para avaliar os resultados da Estratexia Educación Dixital 2030 e os avances educativos entre o alumnado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:20:38
Nº Rexistro: 46787
Data envio: 20/01/2026 13:20:38.171

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 13:17:25**

**Daniel Castro García na data 20/01/2026 13:17:32**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:20:38
Nº Rexistro: 46787
Data envio: 20/01/2026 13:20:38.171

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:20:39**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:24:05
Nº Rexistro: 46788
Data envío: 20/01/2026 13:24:05.978

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2 13:23
Por Oscar Insua Lema

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez** e **Oscar Insua Lema**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o impulso á dotación de vivendas sociais no concello de Esgos..

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:23
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1987 o Concello de Esgos adquiriu da Xunta de Galiza un bloque de 12 vivendas do grupo de promoción pública existente no Camiño Saramagal co obxecto de destinalo a cuartel da Garda Civil e a domicilio dos persoal destinado no concello.

Dende hai anos do bloque de vivendas de promoción pública cedido, a Garda Civil só ocupa o baixo, como oficina, e unha vivenda de xeito de habitual e outras dúas esporadicamente, o que supón non só que o inmoble non está sendo destinado para o uso para o que se concibiu, nin tampouco para o que se cedeu, senón a infrautilización dun ben escaso como é a vivenda, que supón a primeira das preocupacións da cidadanía.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:23
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Estudos recentemente publicados advirte do ascenso continuado do prezo da vivenda nova que na Galiza supuxo un incremento dun 3,6% respecto do ano 2023, ate acadar os 1.882 €/m2, o que implica que a cidadanía galega ten que destinar durante máis de 7 anos o seu salario íntegro para adquirir unha vivenda en propiedade. Asemade e segundo o referido estudo, Ourense entra no grupo das 12 capitais de provincia que teñen o prezo da vivenda nos seus máximos históricos, isto é, nunca tanto houbo que pagar pola adquisición dunha vivenda nova. Situación que non existe previsión se

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reverta nos vindeiros anos, polo que cumpre que se interveña dende as Administracións Públicas na garantía do dereito das persoas a unha vivenda digna.

Nas últimas dúas décadas o concello de Esgos experimentou unha perda de poboación, superior a un 15%, debido ao descenso na poboación orixinaria do concello en máis de 274 habitantes, que non se ve compensada coa chegada de poboación estranxeira, que apenas se incrementou en 11 persoas.

A pesares do exposto, segue a existir tanto no propio concello, como en concellos limítrofes demanda de vivenda protexida, demanda que a Xunta de Galiza non está atender, pois segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística durante os últimos dez anos en toda a provincia de Ourense só se rematou 1 vivenda protexida, que segundo o referido Instituto foi no ano 2014.

En consecuencia, dado que no concello de Esgos existe un bloque de vivendas de titularidade municipal, adquirida no seu día do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e que formaba parte dunha promoción de 36 vivendas de promoción pública, e que cedido o seu uso á Garda Civil hoxe dúas terceiras partes se encontran sen uso algún, dende o BNG consideramos necesario atender unha das principais demandas da cidadanía en xeral, e tamén do concello de Esgos, e promover que recuperen o uso para o que se concibiron e que podan ser destinado como vivendas sociais, en réxime de propiedade ou de aluguer, evitando a crecente perda de poboación que padecen os concellos do rural ourensán, e sen que en ningún caso poda implicar detrimento do servizo de seguridade e protección de dereitos fundamentais que actualmente ven presentado a Garda Civil en Esgos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cónstalle á Xunta de Galiza a promoción polo IGVS de 36 vivendas de protección oficial no Saramagal no concello de Ourense?

Os terreos nos que se construíron esas vivendas foi cedido polo Concello de Esgos con fin de que foran destinadas a vivendas de protección oficial?

Subsiste algunha débeda do Concello de Esgos coa Xunta de Galiza pola construción e/ou mantemento das referidas vivendas?

No seu caso, a canto ascende a débeda e cal é o concepto da mesma?

Coñece a Xunta de Galiza se o bloque de 12 vivendas cuxo uso foi cedido para a súa utilización pola Garda Civil se encontra ocupado na súa totalidade?

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión para a súa recuperación e efectiva utilización, total ou parcial, como vivendas?

Ten previsto a Xunta de Galiza a promoción e/ou construción de vivenda protexida no concello de Esgos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:24:05
Nº Rexistro: 46788
Data envio: 20/01/2026 13:24:05.978

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:23:19

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2026 13:23:28

Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:23:35

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:24:05
Nº Rexistro: 46788
Data envio: 20/01/2026 13:24:05.978

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:24:06**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:03
Nº Rexistro: 46790
Data envío: 20/01/2026 13:26:03.645

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 20/01/2
13:24
Por Paula Mouzo Mas

Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

A Xunta de Galicia, por medio da Consellería do Mar, aplica diversas actuacións para reforzar a internacionalización, comercialización e distribución das empresas pesqueiras galegas co obxectivo de que o peixe e marisco galegos conquisten novos mercados e a un maior número de potenciais clientes.

A Consellería do Mar apoia as empresas galegas do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e transformador a través da asistencia ás feiras sectoriais de carácter nacional e internacional.

O Consello da Xunta aprobou o 26 de maio de 2025 o proxecto de acordo sobre a asistencia da consellería a este tipo de certames ata 2027, co obxectivo de abrir novas vías de negocio en mercados emerxentes e potenciar a demanda de peixe e marisco galego, achegándolle máis valor engadido.

A Xunta asiste a estas feiras cun stand propio para promocionar aspectos xenéricos da pesca, o marisqueo, a acuicultura ou a transformación dos produtos do mar e ofrece ás firmas galegas participar como coexpositoras ou a través dun centro de negocios –para aquelas que non desexan acudir todos os días da feira ou queren facer unha visita exploratoria– para aumentar a súa visibilidade.

Así, o impacto que ofrece ao visitante este espazo conxunto é de especial importancia, o que permite que as empresas incrementen a súa actividade de negocio. De feito, os certames expositivos a que asistiu a Consellería do Mar nos últimos anos con firmas do sector puxeron de manifesto a enorme relevancia que supoñen estes eventos para a promoción ao converterse en importantes puntos de encontro da distribución alimentaria que contribúen a impulsar as exportacións.

Na actualidade, Galicia é a décimo quinta potencia exportadora mundial de produtos pesqueiros. As empresas do sector alcanzaron un volume de facturación de preto de 2.800 millóns no 2024. As ventas no exterior aumentaron preto dun 0,5% respecto a 2023 e máis dun 130% en relación con 2009.

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:24
Por Patricia García González
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:24
Por Miguel Fidalgo Iglesias
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:03
Nº Rexistro: 46790
Data envío: 20/01/2026 13:26:03.645

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o desembolso da Xunta para a internacionalización, comercialización e distribución das empresas pesqueiras galegas en feiras sectoriais?

2. En que feiras internacionais estará presente Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:03
Nº Rexistro: 46790
Data envio: 20/01/2026 13:26:03.645

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/01/2026 13:24:01**

**Patricia García González na data 20/01/2026 13:24:07**

**Paula Mouzo Mas na data 20/01/2026 13:24:14**

**Jesús María Fernández Rosende na data 20/01/2026 13:24:23**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 20/01/2026 13:24:29**

**Maria Magdalena Perez Millares na data 20/01/2026 13:24:36**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 20/01/2026 13:24:44**

**Raúl Santamaría González na data 20/01/2026 13:24:52**

**Manuel Santos Costa na data 20/01/2026 13:24:59**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:03
Nº Rexistro: 46790
Data envio: 20/01/2026 13:26:03.645

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:26:04**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:22
Nº Rexistro: 46791
Data envío: 20/01/2026 13:26:22.673

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernánde, Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a elaboración dun plan de promoción do deporte feminino en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade real e efectiva entre homes e mulleres na sociedade galega segue a ser unha materia pendente. Se ben si que se ten avanzado moito na consecución de dereitos para as mulleres grazas á mobilización social e ás reivindicacións da loita feminista, continúa a ser imperativo o traballo decidido de todas as administracións para continuar a avanzar neste ámbito. Tamén no relativo ao deporte.

Segundo algúns dos últimos datos a respecto de deportistas federadas en Galiza, constátase que só 1 de cada 5 persoas federadas en Galiza son mulleres, o que implica que a Xunta de Galiza debe traballar para garantir que ese número aumenta, non só a través do fomento da práctica deportiva en xeral senón tamén a través de políticas que visen este fomento destinado especificamente ás mulleres.

As mulleres galegas teñen hoxe, felizmente, grandes referencias no mundo do deporte; atletas e deportivas galegas de primeiro nivel mundial que son un verdadeiro orgullo para todo o país. O goberno galego debe aproveitar isto para impulsar máis decididamente o fomento do deporte feminino, algo que redundará de ser feito correctamente, nun maior benestar para todo pobo galego, xa que o fomento da actividade física supón beneficios palpábeis e evidentes para calquera país.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:26
Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:26
Por Noa Presas Bergantiños
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:25
Por Iago Suárez Fernández
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por tanto necesario que a Xunta impulse un plan de fomento do deporte feminino para aumentar licencias federativas de mulleres e para mellorar o estado de saúde xeral da sociedade galega. É evidente que a actual lei do deporte de Galiza debe ser actualizada pola súa falta de referencias ao deporte feminino, polo que a creación dun plan consensuado cos grupos parlamentares que compoñen o Parlamento galego é un moi bo primeiro paso para mellorarmos como país nesta materia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do actual número de licencias federativas de mulleres en Galiza?

- Que pensa a Xunta a respecto da falta de referencias da actual lei do Deporte de Galiza ao deporte feminino?

- Está en disposición o goberno galego de traballar cos grupos parlamentares para acadar un plan consensuado de promoción do deporte feminino en Galiza?

- Cre a Xunta que ten feito o suficiente para garantir a igualdade real no deporte entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:22
Nº Rexistro: 46791
Data envio: 20/01/2026 13:26:22.673

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 20/01/2026 13:25:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 13:26:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2026 13:26:09**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:22
Nº Rexistro: 46791
Data envio: 20/01/2026 13:26:22.673

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:26:23**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:50
Nº Rexistro: 46793
Data envío: 20/01/2026 13:26:50.316

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Carmela González Iglesias**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa aos cortes de luz rexistrados no Polígono do Carballiño e as actuacións que debe impulsar o goberno galego, singularmente a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Exposición de motivos

A calidade do servizo eléctrico en Galiza é recorrentemente obxecto de debate no noso país e tamén de reclamacións de toda índole tanto ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia como á Valedoría do Pobo e o goberno galego debe de implicarse na súa resolución e exercer as competencias oportunas tanto do punto de vista do comercio e da protección ás e aos consumidores como do punto de vista económico toda vez que as deficiencias poden, segundo as circunstancias, afectar ao desenvolvemento da actividade económica.

Este é o caso dunha serie de apagamentos e cortes de luz que tiveron lugar no mes de decembro no Carballiño e que afectou varias empresas situadas na súa área industrial, integrada polo polígono da Uceira e o parque empresarial de Seoane. Segundos as informacións facilitadas, durante máis de dúas semanas sufríronse cortes de enerxía causando distintos impedimentos produtivos e molestias e implicando riscos para maquinaria, reiterándose varias veces ao día. É preciso ter en conta que nesta área industrial operan empresas de todo tipo, desde o ámbito da alimentación ao transporte pasando pola metalurxia.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:18
Por Carmela González

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:18
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:17
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:50
Nº Rexistro: 46793
Data envio: 20/01/2026 13:26:50.316

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non foi até que comezaron a saír nos medios de comunicación que, despois de días de chamadas, comezou a haber algunha actuación por parte da compañía subministradora, Naturgy. Esta situación non é tolerable e é necesario que a Xunta de Galiza revise, desde a súa capacidade de actuación, que iniciativas impulsar.

Así, tanto ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten marxe de actuación para incoar expedientes e elaborar informes ao respecto, sen prexuízo de poder actuar tamén a través da Consellaría responsable de industria e enerxía. É preciso que o goberno galego active todos os seus recursos antes de que esta situación volva acontecer, cos prexuízos que conleva.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Impulsou a Xunta de Galiza algún expediente, informativo ou doutro tipo, após os reiterados cortes de subministración eléctrica na área industrial do Carballiño en decembro de 2025?

Actuou ou vai actuar o Instituto Galego do Consumo e da Competencia estudando e informando esta cuestión?

Recibiu o goberno galego petición de colaboración e auxilio nesta cuestión?

Colaborou ou vai colaborar o goberno galego co empresariado da zona para avaliar a situación e as propostas de mellora de infraestrutura propia ou esixencias á eléctrica que deben realizarse? En que termos?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:50
Nº Rexistro: 46793
Data envío: 20/01/2026 13:26:50.316

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 13:17:55
José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2026 13:18:21
Carmela González Iglesias na data 20/01/2026 13:18:47

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:26:50
Nº Rexistro: 46793
Data envio: 20/01/2026 13:26:50.316

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:26:51**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

Exposición de motivos

O sábado 18 de outubro de 2025 entrou en vigor a declaración da emerxencia cinexética “temporal” por parte do goberno da Xunta de Galiza argumentada na presenza e nos danos ocasionados polo xabaril. Esta declaración comprende un total de 38 comarcas galegas, das que 11 son ourensás, afecta a 254 concellos e abrangue o 83% da superficie galega. Entrou en vigor até o 22 de febreiro de 2026 e trátase dun instrumento excepcional e complementario á caza regrada dentro dos terreos de réxime cinexético especial e común e ás actuacións de control por danos, que poderán seguir desenvolvéndose nos termos previstos na normativa vixente.

Esta é a quinta vez que a Xunta recorre a este mecanismo (anteriormente no 2019, 2021, 2023 e 2024) e con independencia dos seus resultados, que deben ser obxecto de avaliación, o seu inicio trouxo novas queixas por parte de veciñanza de distintos lugares que, da mesma maneira que nos períodos de caza ordinaria, teñen sinalado a proximidade das batidas, así como a falta de fiscalización e control das distancias.

Singularmente, este Grupo Parlamentario recibiu queixas da zona de San Cristovo de Cea, da comarca do Ribeiro e do Carballiño debido á proximidade a zonas

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:16
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:16
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:27:27
Nº Rexistro: 46795
Data envío: 20/01/2026 13:27:27.967

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

habitadas e á presión e inseguridade que isto implica para veciños e veciñas que ven limitada a súa liberdade á hora de poder saír ao monte, por exemplo, ou desenvolver actividades de distinto tipo, por medo a veren afectada a súa integridade física.

Malia a recorrencia de accidentes relacionados coa caza en Galiza, a Xunta segue sen atender esta cuestión. Cómpre sinalar que como xa ten denunciado este Grupo Parlamentario, a Lei Galega de Caza de 2013 está desfasada e carece de desenvolvemento normativo, de maneira que segue en vigor o regulamento do ano 2001, claramente obsoleto. Esta lexislación hai que recordar que permite a actividade da caza a unha distancia superior a 100 m de “edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e as áreas industriais” segundo o recollido no artigo 42 do CAPÍTULO IV Zonas de seguridade da propia lei e de 250 m con respecto a “lugares onde se produzan concentracións de persoas” e 100 en concentracións de gando.

Este regulamento tamén indica que “nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso a pé e ó uso agrícola ou forestal, poderase cazar, sempre que as condicións de seguridade o permitan “, unha redacción excesivamente ambigua e permisiva tal e como xa ten sinalado en múltiples ocasións a propia Valedoría do Pobo.

É preciso que o goberno galego actúe nun duplo sentido: estar atentos ás queixas cidadás para activar as medidas de prevención e protección oportunas e acometer unha revisión do marco legal para incrementar a seguridade e non xerar veciños de primeira e veciños de segunda que ven limitada a súa liberdade de movemento e actuación en favor do privilexio dunha minoría.

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:27:27
Nº Rexistro: 46795
Data envio: 20/01/2026 13:27:27.967

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse a s seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as queixas veciñais pola proximidade da actividade de caza aos núcleos habitados?

Ten avaliado o risco de incremento desta situación ao aumentar o período e zonas posibles do exercicio da caza nas emerxencias cinexéticas?

Ten avaliado a Xunta de Galiza se está a haber un aumento do risco de sinistralidade?

Ten previsto o Goberno galego reformar e/ou desenvolver regulamentariamente a lei de caza para intensificar os controis en relación coas distancias e abordar esta problemática?

Ten previsto o Goberno galego adoptar medidas para garantir a seguridade nas zonas de caza?

E para ampliar os perímetros de seguridade?

Vai actuar o goberno galego sobre os problemas sinalados nas zonas de San Cristovo de Cea e arredores?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2026 13:16:22**

**Luis Bará Torres na data 20/01/2026 13:16:39**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:27:27
Nº Rexistro: 46795
Data envio: 20/01/2026 13:27:27.967

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:27:29**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:28:00
Nº Rexistro: 46797
Data envio: 20/01/2026 13:28:00.090

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2 13:25
Por Luis Bará Torres

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a adoptar para eliminar a actual Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:25
Por José Manuel Golpe Acuña

Vimos de coñecer a retirada do proxecto promovido polas empresa “Enigma Green Power e Sabana Power”, con sede en Madrid, que pretendían presentar un proxecto para a construción dun Parque Eólico na comarca do Morrazo formado por 15 aeroxeradores, dúas subestacións coas correspondentes liñas de evacuación eléctrica e dúas torres de observación en terreos dos montes de San Martiño e Domaio no concello de Moaña; Santomé de Piñeiro en Marín e Santa Cristina máis San Adrián de Cobres no de Vilaboa. Este macroparque eólico situaríase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo establecida no Plan Eólico da Xunta de 1997 (4.362 hectáreas da elevada dorsal granítica da península, equivalente á cuarta parte da súa superficie).

Esta non é a primeira vez que empresas eléctricas tentan espoliar os montes do Morrazo. Pasou co frustrado Parque Eólico de Pedras Negras no 2013 e logo no 2022, coas empresas ACS e Aratel, o que motivou a creación da plataforma “Eólicos no Morrazo Non” e a oposición dos concellos da comarca. No pasado verán a empresa “Arena Green Power”, anunciou que pretendía construír un Parque Eólico xunto cunha planta de baterías para almacenamento de electricidade en Lourizán, opoñéndose rotundamente a isto a Mancomunidade de Montes Veciñais en man común do Morrazo, e máis concretamente as comunidades de Lourizán e San Xulián.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:24
Por Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:28:00
Nº Rexistro: 46797
Data envio: 20/01/2026 13:28:00.090

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde, renovable e sostible” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

De chegar a executarse estes proxectos, poden causar danos irreparables na comarca do Morrazo. Considerando que a comarca ten tan só 7 km de ancho e os núcleos de poboación están situados ao redor da dorsal montañosa de xeito continuo e dende abas dos montes ata a beira do mar, prexudicaría directamente a toda a veciñanza do Morrazo. A actividade de construción do parque, con voaduras para dinamitar terreo granítico e a apertura ou ensanche de camiños e de novas pistas forestais, impactaría directamente nos nosos ríos, mananciais, acuíferos e afectaría aos numerosos depósitos de traídas de auga municipais e veciñais de todos os concellos, así como á flora e fauna (especialmente nos hábitats de interese comunitario), ás especies protexidas e ao noso cuantioso patrimonio histórico, nomeadamente ao arqueolóxico.

Outras afectacións serían as do impacto dos ruídos do xiro das aspas e as ondas electromagnéticas dos aeroxeradores sobre a saúde humana e da fauna; as interrupcións nas telecomunicacións como na rede de internet, teléfono e televisións ou a perda dun valor estimado no 40% das vivendas e fincas.

Segundo o Observatorio Eólico de Galiza, o negocio eólico xera en Galiza 1.300 millóns de euros ao ano, quedando aquí só 30 millóns (2,3%). O custe de construción dun parque eólico tipo, como o de “Badulaque” entre Ferrol Terra e o Ortegal, custaría 142 millóns de euros, mentres que, a prezos de mercado de 2023, facturaría 54 millóns/ano (227.742 euros/turbina/ano). Polo tanto en menos de tres anos quedaría amortizada a inversión da empresa eólica, sendo o restante beneficio íntegro. Porén, non



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existen beneficios socias en termos de empregos, alugueres, nin ningún tipo de vantaxe para a veciñanza, que sufrirá os danos económicos, sociais, medioambientais, paisaxísticos e de alteración da harmonía dos seres vivos co entorno; mentres a nosa comarca e o conxunto do país fica como un territorio de sacrificio, para extraer os seus recursos naturais en beneficio dunhas poucas empresas.

Atendendo as características territoriais da comarca do Morrazo, entendemos necesaria a eliminación da ADE do Morrazo no proceso de elaboración dun novo Plan Eólico de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como valora, a Xunta de Galiza, a instalación dun macroproxecto eólico na comarca do Morrazo?

2. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre a continuidade ou non da área de desenvolvemento eólico existente na Comarca do Morrazo?

3. Como valora a Xunta de Galiza o impacto dun grande parque eólico no Morrazo atendendo á súa elevada densidade de poboación e ás características físicas da comarca e dos seus montes?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:28:00
Nº Rexistro: 46797
Data envío: 20/01/2026 13:28:00.090

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2026 13:24:15**

**José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2026 13:25:40**

**Luis Bará Torres na data 20/01/2026 13:25:48**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:28:00
Nº Rexistro: 46797
Data envío: 20/01/2026 13:28:00.090

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:28:01**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:29:14
Nº Rexistro: 46802
Data envío: 20/01/2026 13:29:14.567

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a postura da Xunta de Galiza a respecto das novas iniciativas de universidade privada no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de abril presentábase na Coruña o que podería chegar a ser a segunda universidade privada en Galiza, a denominada Universidade Emilia Pardo Bazán promovida polo grupo empresarial Cesuga. Este proxecto lanzado xa hai 4 anos, di pretender iniciar a súa actividade no curso 2026-2027 e crear un campus propio no noso país, neste caso na Coruña.

No que ten a ver aos procesos administrativos a día de hoxe sabemos que a Conferencia Xeral de Política Universitaria votou en contra deste proxecto, mentres que a Xunta de Galiza segue sen facer pública a súa posición a respecto da vontade ou non de que este novo proxecto empresarial vaia para adiante.

Ante esta situación, xa vivida no pasado, os reitores das universidades públicas xa mostraron o seu desacordo con esta nova iniciativa, sendo o propio reitor da Universidade da Coruña quen solicitou que esta universidade non tivese o visto e prace da Xunta de Galiza, reclamándolle ao mesmo tempo máis financiamento para a universidade pública, aludindo a que non se poden autorizar estas universidades se teñen informes negativos.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:28
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:28
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:29:14
Nº Rexistro: 46802
Data envio: 20/01/2026 13:29:14.567

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A toda esta ofensiva de proxectos de privatización da nosa universidade hai que sumarlle unha nova proposta como é a da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE) que recentemente anunciou a súa vontade de aumentar a súa oferta con tres novos programas de doutorado de cara a que estean en funcionamento no curso 2027/2028.

De novo, ante esta ameaza da expansión da universidade privada no noso país o goberno galego segue sen expresar a súa opinión e sen dar a coñecer se vai favorecer ou non a introdución destes dous novos proxectos que non farán outra cousa que afondar na privatización do noso sistema universitario, en detrimento da nosa universidade pública.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cal é a postura da Xunta de Galiza a respecto da posibilidade da chegada da Universidade Emilia Pardo Bazán na Coruña?

- Vai a Xunta de Galiza permitir o aumento de oferta educativa da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE)?

- Considera necesaria a Xunta de Galiza a chegada da Universidade Emilia Pardo Bazán?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:29:14
Nº Rexistro: 46802
Data envio: 20/01/2026 13:29:14.567

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 20/01/2026 13:28:29**

**Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2026 13:28:37**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:29:14
Nº Rexistro: 46802
Data envio: 20/01/2026 13:29:14.567

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:29:15**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:04
Nº Rexistro: 46806
Data envio: 20/01/2026 13:43:04.758

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2
13:38
Por Saleta Chao Riva

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, **Rosana Pérez Fernández** e **Saleta Chao Rivas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o anunciado catálogo de bens do patrimonio cultural costeiro vinculado á rede de establecementos turísticos do litoral.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:38
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos anunciando o censo do patrimonio marítimo, vencellado ao Plan da Cultura Marítima, un documento que foi levado ao Consello da Xunta do 7 de setembro de 2023.

O pasado 13 de xaneiro de 2025 a Xunta anunciou que o Censo do patrimonio marítimo será unha ferramenta clave para a elaboración do catálogo de bens culturais e a rede de establecementos turísticos previstos na lei do litoral. Chama a atención que na tramitación tanto do Plan da Cultura Marítima como no Catálogo de bens culturais participen as Consellarías do Medio Ambiente e do Mar e teñan un papel secundario a Consellaría de Cultura e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:38
Por Mercedes Queixas Zas

Esta marxinación explícase por un feito evidente: o interese da Xunta non é traballar seriamente na protección, conservación, restauración e posta en valor dos bens do patrimonio cultural costeiro. A máxima prioridade da Xunta é identificar bens arquitectónicos que poidan ter aproveitamento turístico, facendo prevalecer o aproveitamento privado, exclusivo e elitista destes bens.

O normal neste caso sería que o proceso de elaboración e aprobación do Catálogo sexa coordinado polo departamento con competencias en patrimonio cultural.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:04
Nº Rexistro: 46806
Data envio: 20/01/2026 13:43:04.758

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que ao mesmo tempo se elabore un estudo sobre os instrumentos de protección, sobre os criterios de actuación en materia de conservación e restauración e sobre os usos que poden ter estes bens, que non se deben restrinxir ao aproveitamento turístico. Desde unha perspectiva ampla e integradora, deberíase estudar o seu posíbel aproveitamento social, cultural, educativo e económico, incluíndo neste último ámbito non só o uso turístico. Sería un grave erro considerar estes bens unica ou prioritariamente como espazos dedicados ao negocio privado e á actividade hostaleira-hoteleira.

En todo caso débese levar a cabo unha análise e lectura de conxunto, nun proceso participativo do que deben facer parte os concellos e as entidades sociais e culturais, nomeadamente aquelas máis directamente relacionadas coa conservación e defensa da cultura marítima, por unha banda, e do patrimonio cultural pola outra.

Segundo as informacións difundidas pola Xunta, o inventario de bens culturais do litoral elaborado no ano 2019 recolle 459 elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado, se ben o Plan de Ordenación do Litoral recollía un número sensibelmente maior.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Está a facer a Xunta un control de seguimento e avaliación do estado en que se encontra o patrimonio cultural situado no litoral galego?

Que control fai o goberno do estado de conservación do patrimonio cultural situado no litoral declarado pola Xunta como BIC? Con que periodicidade realiza ese control?

Dispón a Xunta de informes que recollan o resultado desa avaliación?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:04
Nº Rexistro: 46806
Data envio: 20/01/2026 13:43:04.758

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que debe prevalecer o aproveitamento e xestión pública dos bens culturais do litoral?

Vai pola contra a Xunta primar unha visión especulativa e de cesión á iniciativa privada dos bens culturais do litoral, co conseguinte uso exclusivo, privativo e elitista destes espazos?

Valorou a Xunta o impacto que pode ter a intensificación de actividades hosteleiras e turísticas en zonas sensíbeis do litoral?

Considera de interese a Xunta encargar un informe ao Consello da Cultura Galega a respecto dos criterios de protección, conservación, rehabilitación e aproveitamento dos bens do patrimonio cultural do litoral?

Santiago de Compostela, á data d sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:04
Nº Rexistro: 46806
Data envio: 20/01/2026 13:43:04.758

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2026 13:38:14**

**Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2026 13:38:22**

**Saleta Chao Rivas na data 20/01/2026 13:38:32**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:04
Nº Rexistro: 46806
Data envio: 20/01/2026 13:43:04.758

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:43:06**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:50
Nº Rexistro: 46807
Data envío: 20/01/2026 13:43:50.990

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as medidas necesarias para a implantación das Oficinas de Xustiza nos concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Pública de Xustiza transforma os xulgados de paz nas máis amplas Oficinas de Xustiza nos municipios. Oficinas que, sen estar integradas na estrutura da Oficina Xudicial, entran no ámbito da Administración de Xustiza, para a prestación de servizos á cidadanía nos respectivos concellos. Estas oficinas localizáranse en cada un dos concellos nos que non teña a súa sede un Tribunal de Instancia.

Segundo a citada Lei Orgánica, que reforma a do Poder Xudicial, nas Oficinas de Xustiza nos concellos, ademais da asistencia ao xuíz/a de paz, se prestarán aos residentes no municipio, entre outros os seguintes servizos:

- A práctica dos actos de comunicación de los actos de comunicación procesal que non se puideran realizar por medios electrónicos.

- As actuacións de colaboración na xestión do Rexistro Civil que se determinen legal ou regulamentariamente.

Ao tempo, e aí reside un dos aspectos relevantes da reforma, sempre que os medios técnicos o permitan, nas oficinas de xustiza nos municipios realizáranse tamén:



Asinado o día 20/01/2026 ás 13:43
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:43
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A práctica de actuacións procesuais por medio de videoconferencia ou outros sistema de telepresenza, incluída a intervención en actos de conciliación e derivados de expedientes de xurisdición voluntaria.

- A recepción das solicitudes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta e a súa posterior remisión aos Colexios profesionais, así como o seu posterior apoio na xestión das solicitudes e a comunicación cos interesados.

- A colaboración coas unidades para solución de controversias existentes no seu ámbito territorial, en coordinación con la Administración prestacional competente.

- A colaboración coas Administracións públicas competentes para facilitar a xuíces/zas, maxistradas/os, fiscais e letradas da administración de xustiza e demais persoal do servizo público de xustiza que non estea integrado na oficina, o desempeño ocasional nas instalacións da súa actividade laboral nas instalacións permitindo a súa comunicación telemática co seu posto de traballo.

Así pois a operatividade da Oficina Xudicial nos concellos dependerá esencialmente de que dispoñan dos medios técnicos e da infraestrutura necesaria para poder desempeñar as funcións que se lle atribúen na reforma, e por suposto de persoal cualificado para a súa execución.

A propia norma establece que as instalacións e medios instrumentais destas oficinas estarán a cargo do concello, e os sistemas e equipos telemáticos pola Comunidade Autónoma con competencias transferidas; correspondendo a estas subvencionar estes gastos, así como o do persoal necesario para que se presten os servizos que teñen atribuídos estas Oficinas de Xustiza.

Por outra banda, a devandita norma establece que as Oficinas de Xustiza dos concellos de máis de 7.000 habitantes e aquelas outras que se determine pola Xunta de Galiza serán servidas por persoal dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza,



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:50
Nº Rexistro: 46807
Data envio: 20/01/2026 13:43:50.990

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podendo crearse Agrupacións de Oficinas de Xustiza en municipios limítrofes pertencentes ao mesmo partido xudicial. A Oficina do concello cabeceira da agrupación estará dotada con persoal da Administración de Xustiza que atenderá os servizos en todas as oficinas dos concellos agrupados, existindo nestes persoal funcionario, laboral ou idóneo, designado polos concellos, que se encargará da atención da Oficina de Xustiza.

Xa que logo a posta en marcha das Oficinas de Xustiza nos concellos tal e como establece a nova regulación exixe dunha planificación e dotación de recursos económicos para atender as necesidades de infraestruturas, medios técnicos e de persoal precisos a prestación das funcións encomendadas, sen que sexa admisíbel derivar, unha vez máis, estes gastos nuns concellos que xa veñen soportando numerosas competencias impropias que non lle corresponden e que comprometen a súa autonomía e suficiencia económica.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

En que medida o desenvolvemento das Oficinas de Xustizas nos concellos vai supor un incremento das transferencias realizadas pola Xunta de Galiza ás entidades locais?

Cal é o investimento que ten previsto realizar a Xunta de Galiza para dotar ás Oficinas de Xustiza nos concellos dos medios tecnolóxicos necesarios para poder realizar a totalidade das funcións que a permite a Lei Orgánica do Poder Xudicial?

Considera a Xunta de Galiza que debe recaer nos concellos galegos, total ou parcialmente, os custes de infraestrutura, mantemento e do persoal necesario para o funcionamento das Oficinas de Xustiza?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que existen concellos en Galiza que malia ter menos de 7.000 habitantes deben ser atendidos por persoal funcionario dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza?

No seu caso, que concellos?

Valora a Xunta de Galiza a posibilidade de crear Agrupacións de Oficinas de Xustiza, sen que, en ningún caso, supoña unha redución do persoal actualmente destinado nos xulgados de paz?

No seu caso, en que concellos e cal sería o de cabeceira?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:50
Nº Rexistro: 46807
Data envio: 20/01/2026 13:43:50.990

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:43:24**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:43:34**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:43:50
Nº Rexistro: 46807
Data envio: 20/01/2026 13:43:50.990

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:43:51**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/01/2 13:46
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:46
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:46
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema, Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a financiación dos concellos a cargo do canon eólico e para modificar a orde reguladora e convocatoria das axudas do Fondo de Compensación Ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, que regula o aproveitamento eólico en Galicia, tamén creou o chamado canon eólico, un tributo galego para gravar a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en Galiza. Os ingresos recadados xestionaríanse polo Fondo de Compensación Ambiental, co único fin de contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido.

A propia lei no seu artigo 9 establece que “os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse a conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes”.

Pois ben, dende a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galiza foi aprobando anualmente a orde pertinente que regula os criterios de repartición e pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental destinadas a entidades locais de Galiza.

Dende o ano 2010, estas ordes foron cambiando os criterios de reparto dos ingresos asignados ao fin para o cal se creou o canon e as bases reguladoras das convocatorias destas axudas, ao igual que cambiou a recadación do canon, que foi minguando debido ás repotenciacións dos parques e ao inmobilismo da Xunta para modificar a base impoñible do canon, que consistía ata hai escasos meses, na suma das unidades de aeroxeradores existentes nun parque eólico.

É certo que a propia lei, no artigo 25, regulando o destino dos ingresos recadados, blindaba o 50% dos recursos anuais para a axudas aos concellos, co obxectivo de destinalos preferentemente á realización de gastos de investimento nos entes locais cuxo termo municipal se atopase dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, dos afectados polas correspondentes instalaciones de conexión, e en concreto a actuacións de investimento de naturaleza productiva e xeradora de emprego, especialmente as siguientes:

a) Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturales e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado.

b) Actuacións de impulso da eficiencia e utilización sostible das enerxías renovables.

Namentres, o restante 50% dos ingresos recadados pola administración, ían á Administración autonómica para financiar actuacións que tiveran como obxectivo a protección do medio ambiente e da contorna natural e o fomento da investigación que conduxeran á mellora da eficiencia no aproveitamento dos recursos das enerxías



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

renovables e da sustentabilidade dos sistemas naturais que os soportan, mantendo os seus valores e impulsando a súa utilización recreativa e educativa.

A continuación, unha mostra comparativa dos datos relativos ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA) segundo a información obtida das ordes que regulaban cada ano as axudas do FCA, neste caso a primeira en saír do ano 2010 e a última correspondente ao ano 2024.

**CADRO COMPARATIVO DAS ORDES PARA OS ANOS 2010 E 2024**

| | RECADACIÓN TOTAL DO CANON | ASIGNACIÓN TOTAL DO FCA | ASIGNACIÓN Á LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA | ASIGNACIÓN Á LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA | ASIGNACIÓN Á XUNTA (DXAD E DXEI) |
|---|---|---|---|---|---|
| **ANO 2010** | 22.645.400,00 | 11.209.275,00 | 7.797.077,40 | 3.412.197,60 | 0,00 |
| **ANO 2024** | 22.450.000,00 | 11.111.900,00 | 6.007.596,00 | 1.576.869,00 | 3.527.435,00 |

Destes datos podemos extraer algunhas conclusións:

1ª- O Canon recada cada vez menos, e debido ás últimas repotenciacións aprobadas, no futuro recadará aínda menos, en parte pola nova base impoñible, produto da última modificación da lei.

2ª- A reducción paulatina da asignación fixa e non competitiva para os concellos que contaban con parques eólicos ou liñas eléctricas e instalacións dos mesmos.

3ª -A reducción paulatina e drástica da asignación á liña de concorrencia competitiva, á que podían optar todos os concellos galegos, con ou sen parques eólicos. A pesar de que na última convocatoria, modificouse a orde e aumentaron esta partida, ata os 3.224.264,78 €.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4ª -O incremento dos fondos destinados á Administración Galega, en detrimento dos concellos, con destino á Dirección Xeral da Administración Local e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior , neste último caso para destinala aos Consorcios provinciais contra incendios, segundo dispón á Orde reguladora.

Ao goberno da Xunta non lles chegaba o 50% da recadación do Canon eólico, senon que foron co paso dos anos, absorvendo máis fondos dos que se destinaban inicialmente aos concellos, para destinalos a servizos de competencia exclusiva da Xunta que xestionan directamente ou que veñen delegando ou derivando ás entidades locais. Unha forma, por activa ou por pasiva, de condicionar uns fondos que deberan ser xestionados directamente polos concellos, sen ningunha condición máis, que destinalos á reducir o impacto ambiental e mellorar as condicións ambientais de vida de quen padece a convivencia cos parques eólicos, para evitar o despoboamento dos lugares próximos a eles.

Estamos pois ante unha financiación totalmente finalista, pois na última orde reguladora publicada no DOG do 24 de xaneiro de 2024, o artigo 4 encárgase de determinar os gastos subvencionables, e os criterios e obxectivos das actuacións a realizar. Sorprende que a Xunta non inclúa actuacións subvencionables destinadas á loita contra os incendios, como poden ser depósitos de auga contraincendios, namentres que a mesma Xunta si destina parte dos ingresos do Canon para financiar actuacións na loita contra os lumes, como fai cos consorcios provinciais contra incendios.

Estas ordes deberan elaborarse atendendo a outros criterios de reparto dos ingresos recadados, e tamén atendendo ás necesidades que plantean moitos concellos, respecto da tramitación da convocatoria das axudas. Un exemplo é o escaso intervalo de tempo co que contan os concellos para executar os proxectos subvencionados, namentres que a Xunta conta con catro meses para resolver as axudas, os concellos non teñen nin cinco meses para licitar, cando procede, os contratos e executalos. Os

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos atópanse con problemas de financiación para iniciar a execución dos proxectos antes de que llos aproben na DXAL, teñen que esperar a súa aprobación para xerar o crédito orzamentario, contan con pouco personal para tramitar e licitar os contratos, o mercado non da abasto para executar obras ao mesmo tempo obrigándoos a esperar, e o tempo climático, non sempre é favorable para acometer determinadas obras no exterior, tendo en conta que o prazo para executalos é o 31 de outubro, e tanto setembro como outubro, son meses nos que pode chegar a chover moito. Esta circunstancia provoca que existan concellos que se enfrentan ano tras ano a mermas nas axudas concedidas, por imposibilidade de xustificar en prazo a finalización das actuacións e ter que devolver parte dos fondos ou perder parte das axudas concedidas. Tendo en conta, que as partidas económicas destinados a estas axudas son fondos propios da Administración Galega, sería necesario:

-Que os importes máximos asignados a cada concello ata o momento na liña de concorrencia non competitiva, se transferiran a cada un deles, a través do Fondo de Cooperación Local, aumentando a financiación local incondicionada e garantindo a autonomía municipal.

Para a liña de axudas en concorrencia competitiva, se adoptaran as seguintes medidas:

-Publicar antes do 1 de xaneiro de cada ano natural a orde de convocatoria das axudas

-Resolvelas no prazo máximo de 2 meses.

-Ampliar o período de xustificación da execución das actuacións como mínimo ata o 30 de novembro de cada ano natural.

- Ou como mellor alternativa, aprobar a liña de axudas con carácter plurianual, o que facilitaría en gran medida a previsión dos concellos para acometer as actuacións, as



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cales poderían ser de maior envergadura, alcance, e transcendencia para cumprir obxectivos que precisan de maior investimento económico, sen estar limitados sempre polas cantidades anuais. As partidas do FCA non mudaron moito os últimos anos, polo que coa autorización do Consello da Xunta, podería darse carácter plurianual a liña de axudas con concorrencia competitiva.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal é o motivo que impide que se poidan transferir directamente os importes recadados co canon eólico aos concellos que teñan parques eólicos ou instalacións anexas, para que os destinen á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial?

- Ten intención o goberno galego de modificar a Lei 8/2009 que regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, para incrementar o importe destinado aos concellos ata o 75% da cantidade recadada polo canon?

-Por que a Consellería de Presidencia acabou entrando no reparto do importe do 50% destinado aos concellos, a través da asignación á Dirección Xeral de Administración Local e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior? Non lles chegaba o outro 50% da recadación do fondo (11.111.900,00 €)?

-Como inviste o goberno galego os 11.111.900,00 € restantes do FCA? Son destinados todos a reducir o impacto ambiental da instalación de parques eólicos en Galiza?

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón pola que non se publica o 1 de xaneiro, ou antes, a orde que establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas do Fondo de Compensación Ambiental, para gañar tempo no prazo de execución das actuacións subvencionadas?

- Por que non se inclúen dentro da relación de actuacións subvencionables as destinadas a loitar contra os incendios, como depósitos de auga nos montes galegos?

- Considera suficiente o goberno galego o prazo habilitado ata o momento nas ordes reguladoras das axudas do FCA para executar as actuacións e xustificalas?

- Vai a Consellería de Presidencia a ter en conta algunha destas recomendacións dos concellos para repartir o importe recadado polo canon eólico?

-Vai a estudar o goberno galego a posibilidade darlle carácter plurianual ás axudas do Fondo de Compensación Medioambiental?

- Que tipo de actuacións subvencionables vai a propoñer a Consellería para diminuír o impacto ambiental dos novos aeroxeradores que sobrepasan os 190 metros de altura?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:46:21**

**José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2026 13:46:30**

**Luis Bará Torres na data 20/01/2026 13:46:36**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:46:49
Nº Rexistro: 46808
Data envio: 20/01/2026 13:46:49.697

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:46:50**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:49:32
Nº Rexistro: 46809
Data envio: 20/01/2026 13:49:32.293

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre para fomentar a cooperación e colaboración dos concellos na xestión dos servizos públicos e mellorar a eficiencia na xestión dos seus recursos e a súa financiación..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 19 de setembro, deuse a coñecer en Santiago de Compostela, nun acto da Consellería de Presidencia, a presentación do estudo non vinculante 'Reforma do mapa municipal de Galiza' para o impulso de procesos de fusión entre concellos, elaborado pola Fundación “Juana de Vega” e polas tres universidades galegas, e na que participaron varios autores dun equipo especializado na caracterización socioeconómica e demográfica dos municipios galegos. O estudo encargado polo propio presidente Alfonso Rueda hai dous anos, sendo vicepresidente, foi financiado inicialmente a través dun convenio de 72.600 € asinado no mes de outubro do 2021, e no ano 2022 por outro convenio de 1,5 millóns de euros asinado coa mesma fundación e con cargo aos orzamentos do ano 2022.

O estudo recolle a organización político-administrativa de Base local en Europa, Estado español e Galiza, así como a evolución da planta municipal ao longo da historia no noso país, dende a creación dos concellos como tales. Repasa as formas de cooperación municipal, como as comarcas, mancomunidades, áreas metropolitanas e consorcios desde unha perspectiva xeográfica, analizando as fortalezas e debilidades destas entidades, observando ao tempo o marco xurídico a manexar nesta materia, e en

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:49
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:49
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concreto nos procesos de fusións municipais. No texto publicado, os autores argumentan a conveniencia dos procesos de fusión dende a perspectiva económica, aportando un estudo comparativo dos orzamentos de ingresos e gastos dos concellos en Galiza e no estado Español en función do número de habitantes e a súa implicación en materia de fusións. Aportan un estudo sociolóxico de 1.000 entrevistas, realizado entre o 31 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2022, para coñecer a opinión da cidadanía galega sobre as fusión municipais e outras alternativas de adaptación da planta local. Por último, os autores elaboran unha análise dos procesos de fusión en Galiza (Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade) e de outros potenciais procesos de fusión ou agregación municipal, en concreto as fusións de Santiago de Compostela e Teo, Noia e Lousame, Sanxenxo e Meaño, Alfoz e O Valadouro, O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, a fusión dos concellos da comarca do Deza, e a fusión de Lalín-Rodeiro-Dozón. Remata o traballo cunha relación de 14 propostas de actuacións para incentivar os procesos de redimensionamento da planta local galega.

O informe da fundación chega tarde, tendo en conta que os traballos xa estaban rematados a mediados do ano pasado, mais o PP decidiu facelo público, de forma interesada e calculada, nun momento no que o sistema de financiación dos concellos está en entredito por insuficiente, e debe ser superado despois da última reforma aprobada hai xusto vinte anos, pois é unha demanda unánime da FEGAMP, onde todos os alcaldes e alcaldesas, de todos os partidos políticos entenden que chegou o momento de adoptar os acordos necesarios para aumentar a financiación dos municipios galegos, e poidan ofrecer sen afogo económico os servizos que prestan á cidadanía, tanto os que son de competencia propia, como de competencias impropias que executan de forma obrigada por delegación doutras administracións. A proposta do goberno galego de fusionar concellos para mellorar a súa financiación é unha escusa, a cortina de fume perfecta, para evitar aumentar nos vindeiros orzamentos de 2025 a partida orzamentaria do Fondo de Cooperación Local, a través do cal se realizan as transferencias aos concellos, como resultado da obrigada participación destes nos impostos da Xunta. De



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:49:32
Nº Rexistro: 46809
Data envio: 20/01/2026 13:49:32.293

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito, a conclusión n.º 5 recomenda abordar de maneira urxente e inaprazable a reforma do financiamento local para reforzar a autonomía municipal e reducir a actual dependencia económica dos concellos das subvencións, unha proposta que durante anos ao PP galego parece entrarlle por unha orella e saírlle pola outra, ao negarse a aumentar o orzamento do FCL, de forma incondicionada e con cargo a eliminación das liñas de axudas destinadas aos concellos de carácter condicionado, polo que esperamos con inquietude a resposta do goberno galego: si acata as propostas dos expertos ou se limita simplemente a observar como convidado de pedra.

O PP xerou deliberadamente un debate para difuminar a cerna da problemática municipal, pois de todos é sabido que ata 2021, só Galiza protagonizou as únicas dúas fusións de concellos en España nas tres últimas décadas: Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, fusións que non lograron ser exemplos de evolución demográfica nin de sostibilidade financeira, pois as arcas municipais melloraron pola inxección dos incentivos nas distintas axudas da Xunta, mais de non existir estas, a fusión non melloraría a súa financiación de forma autónoma.

As conclusións do informe amosan que a cidadanía ten unha predisposición favorable á fusión voluntaria dos concellos con ata un 83%, e considera que a redución do número destes melloraría a súa capacidade de prestación de servizos, mais a porcentaxe redúcese cando se pregunta polas fusións no propio concello. De feito, ante as primeiras declaracións negativas dos alcaldes dos concellos escollidos como cobaias, o propio conselleiro de presidencia apurouse o mesmo día da presentación a afirmar que “A Xunta non vai a fusionar a ninguén obrigatoriamente e que non se fixo o estudo para fusionar obrigatoriamente pois o camiño é a voluntariedade". Unha voluntariedade que a realidade e a historia demostra que non existiu nin parece existir, polo que a divertida aposta estratéxica do PP saíulle cara aos cidadáns, pois co custo dos mesmos ben podían sufragar 80.000 horas do SAF.

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:49:32
Nº Rexistro: 46809
Data envío: 20/01/2026 13:49:32.293

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Si o propósito das fusións non é outro que optimizar recursos para mellorar a eficacia e eficiencia dos servizos, é indiscutible que ese mesmo fin se pode conseguir a través da creación e impulso de mancomunidades comarcais, áreas metropolitanas ou consorcios, transferíndolle competencias, persoal e financiamento para xestionar conxuntamente servizos e optimizar así recursos e gasto, e sen perder a identidade e idiosincrasia a que se lle teme cunha fusión municipal. Bo sería, que a tan pregonada reforma da Lei da Administración Local de Galiza, que parece que tamén chegará tarde, se centrara en potenciar e fomentar estas entidades supramunicipais, que axudarían dende logo a estruturar o territorio comarcal noutras áreas distintas dos servizos, e en resolver a delimitación de forma concreta e precisa das competencias de cada administración.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal foi o verdadeiro motivo polo que se retrasou a presentación do informe, tendo en conta que hai máis de un ano que remataron os traballos encargados? Evitaron a propósito o debate nas eleccións galegas por medo a perder apoios?

-Promoveu o goberno galego a escolla concreta das propostas de fusións no informe? Que criterios ou razóns utilizaron para determinar esas posibles fusións?

-Teñen coñecemento por medio dos alcaldes que coñecen si nesta lexislatura se fusionarán algúns concellos limítrofes?

- Descartando o conselleiro a obrigatoriedade das fusións, vai a adoptar o goberno galego algunha medida eficaz a curto prazo para incentivar a colaboración e cooperación entre concellos para que estes melloren a prestación dos servizos reducindo custos?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:49:32
Nº Rexistro: 46809
Data envio: 20/01/2026 13:49:32.293

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Teñen pensado encargar un novo informe para analizar e estudar as vantaxes e inconvintes da existencia en Galiza de administracións paralelas, desfasadas e ilóxicas, tendo en conta que dende 1978 apostouse por un modelo autonómico distinto ao anterior?

- Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afogo económico producido polo insuficiente financiamento dos servizos de competencia autonómica prestados polos concellos?

- Ten pensado o goberno galego cumprir algunha das 21 resolucións en materia de financiamento local aprobadas pola XI Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada o ano pasado?

- Ten pensado o goberno galego cumprir coa conclusión 5ª do informe e plasmala nos orzamentos do ano 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:49:32
Nº Rexistro: 46809
Data envio: 20/01/2026 13:49:32.293

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:49:09**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:49:18**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:49:32
Nº Rexistro: 46809
Data envio: 20/01/2026 13:49:32.293

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:49:33**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:51:17
Nº Rexistro: 46811
Data envio: 20/01/2026 13:51:17.110

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García** e **Iria Carreira Pazos**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a vontade da Xunta de Galiza para dar o visto e prace ao Grao de Enfermaría na Universidade privada UIE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa ocorrera hai uns meses cos casos do Grao de Psicoloxía e de Dereito da UIE e coa Universidade privada Emilia Pardo Bazán a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal vai ser a súa postura sobre que a Universidade Intercontinental de la Empresa, a Universidade Abanca, imparta o Grao de Enfermaría, xa existente no Sistema Universitario Galego, é dicir, nas universidade públicas.

Deste xeito, no caso de permitir a implantación volveríase a contradicir a normativa que exixe evitar duplicidades entre a universidade pública e a privada. Neste caso estamos a falar dun grao que se imparte nos sete campus universitarios galegos, polo que a duplicidade é máis que obvia.

Alén disto, mentres os sindicatos están a denunciar o evidente incumprimento da Lei Galega de 2013, a Xunta segue a facilitar a privatización do noso ensino universitario, ao mesmo tempo que continúa a infrafinanciar ás universidades públicas que a duras penas son capaces de facer fronte ao gasto estrutural das mesmas.

Por último, son as propias universidades públicas galegas as que criticaron publicamente esta decisión, cualificándoa como inxusta e como un ataque contra a lexislación galega, o que evidencia de novo como o goberno do PP segue sen escoitar ás universidades públicas do noso país.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:50
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:49
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta de Galiza dar o seu visto e prace á implantación do Grao de Enfermaría na Universidade Intercontinental de la Empresa (UIE)?

- Considera a Xunta de Galiza que este grao incumpre a Lei Galega de 2013?

- Son suficientes para a Xunta de Galiza os 7 campus universitarios públicos nos que se oferta este grao no noso país?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:51:17
Nº Rexistro: 46811
Data envio: 20/01/2026 13:51:17.110

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/01/2026 13:49:54

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2026 13:50:01

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:51:17
Nº Rexistro: 46811
Data envio: 20/01/2026 13:51:17.110

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:51:18**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:53:13
Nº Rexistro: 46815
Data envío: 20/01/2026 13:53:13.516

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 20/01/2 13:49 Por Silvia Longueira C

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª.**

Os últimos datos oficiais da Axencia Tributaria**,** recollidos na estatística *"Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias"*, poñen de manifesto unha realidade profundamente preocupante para a provincia de Ourense: o incremento sostido da fenda salarial con respecto ao conxunto de Galicia e ao Estado, acadando máximos históricos.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:49 Por Elena Espinosa Mangana

O salario medio anual na provincia de Ourense situouse nos 22.294 euros**,** consolidando unha tendencia de crecemento en termos absolutos. Porén, este incremento resulta claramente insuficiente se se analiza en termos comparativos. Na actualidade, unha persoa traballadora ourensá percibe 1.938 euros menos ca media galega, a maior diferenza rexistrada na última década, e 3.665 euros menos ca unha persoa traballadora da provincia da Coruña**.** No ámbito estatal, a fenda coa media española acada xa os 2.668 euros anuais**,** a cifra máis elevada do que vai de século, mentres que a diferenza coa Comunidade de Madrid roza os 10.000 euros anuais.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:48 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Lonxe de se corrixir, esta fenda salarial agravouse de maneira estrutural**.** No ano 2009, a diferenza salarial entre Ourense e a media galega era de 1.178 euros; na actualidade supera os 1.900 euros, o que supón un incremento do 65 % en apenas quince anos. Estes datos evidencian que Ourense non está a converxer co resto do territorio, senón que perde posición relativa, a pesar do crecemento xeral do emprego e dos salarios.

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

A estatística da Axencia Tributaria tamén reflicte unha forte dualidade do mercado laboral ourensán. Mentres sectores como a banca, os seguros ou a industria enerxética presentan retribucións elevadas, o groso do emprego concéntrase en sectores como os servizos, o comercio e a hostalaría, caracterizados por salarios baixos, elevada precariedade e escaso valor engadido, o que lastra o salario medio provincial e limita as posibilidades de desenvolvemento económico.

Esta situación ten consecuencias directas sobre o despoboamento, a emigración da mocidade, a precariedade laboral e a perda de oportunidades, e pon de relevo o fracaso das políticas económicas e de emprego impulsadas pola Xunta de Galicia para a provincia de Ourense. Así mesmo, evidencia que o Salario Mínimo Interprofesional non é a orixe do problema, senón un elemento de protección fronte a un modelo produtivo incapaz de xerar emprego estable e con salarios dignos.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte medidas específicas, e avaliables para corrixir a crecente fenda salarial que sofre a provincia de Ourense.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten coñecemento o Goberno galego dos datos oficiais da Axencia Tributaria que sitúan a provincia de Ourense como a provincia galega con menor salario medio e coa maior brecha salarial respecto da media autonómica e estatal?

2. Considera a Xunta de Galicia aceptable que a diferenza salarial entre Ourense e a media galega acadase o seu máximo histórico, superando os 1.900 euros anuais por persoa traballadora?

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:53:13
Nº Rexistro: 46815
Data envio: 20/01/2026 13:53:13.516



3. Que valoración fai o Goberno galego do feito de que a fenda salarial entre Ourense e o conxunto de Galicia aumentase un 65 % desde o ano 2009, segundo datos oficiais da Axencia Tributaria?

4. Que políticas concretas impulsou a Xunta de Galicia para corrixir a perda de converxencia salarial da provincia de Ourense e cales foron os seus resultados verificables?

5. Recoñece o Goberno galego que o actual modelo produtivo da provincia, baseado maioritariamente en sectores de baixo valor engadido e salarios reducidos, contribúe a consolidar esta brecha salarial?

6. Que políticas activas pensa emprender  para mudar esta situación?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:53:13
Nº Rexistro: 46815
Data envio: 20/01/2026 13:53:13.516

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/01/2026 13:48:55
Elena Espinosa Mangana na data 20/01/2026 13:49:01
Silvia Longueira Castro na data 20/01/2026 13:49:09

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:53:13
Nº Rexistro: 46815
Data envio: 20/01/2026 13:53:13.516

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:53:14**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:54:19
Nº Rexistro: 46820
Data envío: 20/01/2026 13:54:19.206

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a regulación do dereito de opción de traslado ao RETA das profesionais da avogacía e procuradoría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de xullo de 2023 na Comisión 1ª do Parlamento de Galiza aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei do grupo parlamentar do BNG pola se instaba ao Goberno do Estado a realizar as actuacións e modificacións normativas necesarias para establecer unha "pasarela" voluntaria ao RETA para as profesionais da avogacía e procura que pertenzan ou pertencesen a unha mutualidade, como sistema de cobertura social alternativa á Seguridade Social. Contemplar a aplicación do complemento a mínimos, no caso dos mutualistas pasivos. Evitar a equiparación fiscal do rescate dos dereitos económicos das mutualistas alternativas cun plan de pensións complementario, e mellorar as condicións de xubilación parcial das profesionais da avogacía e da procurar.

Esta mesma iniciativa foi aprobada, en termos substancialmente idénticos, pola práctica totalidade dos Parlamentos Autonómicos, en numerosas Deputacións e Concellos de todo o Estado.

Existe pois unha consciencia xeneralizada e uniforme do inxusto da precaria cobertura social das profesionais da avogacía e da procura "afiliadas" á mutualidade profesional como sistema de protección alternativo á Seguridade Social. Adscrición que



Asinado o día 20/01/2026 ás 13:54
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:54
Por Ramón Fernández Alfonzo
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:53
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inicialmente era obrigatoria e posteriormente foi “optativo” -opción ás veces ilusoria, outras con grave prexuízo patrimonial, e na meirande parte dos casos con información enganosa ou inexacta-.

Existindo consenso na necesidade de abordar con urxencia a situación da cobertura social de moitos profesionais que, tras unha longa carreira de cotización ou ben non poden xubilarse, ou o están a facer con prestacións económicas de 300 ou 400€ mensuais e non actualizábeis -contías notablemente inferiores ás das PNC-; segundo as novas que transcenden por diferentes medios, mesmo por manifestacións directas da propia ministra inclusión, seguridade social e migracións, a regulación que se contempla non serviría para dar solución ao grave problema das profesionais que están ou estiveron adscritas ás mutualidades profesionais como sistema de cobertura alternativa ao público, tampouco daría cumprimento aos pronunciamentos da práctica totalidade dos parlamentos do Estado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Entende a Xunta de Galiza razoábel o recoñecemento de prestación de xubilación en contía inferior á dunha PNC, após dunha carreira de contribución de 30 ou 40 anos?

Considera a Xunta de Galiza que, a efectos fiscais, procede a equiparación entre as achegas realizadas á mutualidade profesional como sistema alternativa ao RETA cun plan de pensións complementario?

Estima a Xunta de Galiza procedente permitir o traslado, voluntario ao RETA da Seguridade Social dos dereitos económicos que son titulares nas mutualidades



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesionais, previa ponderación dos períodos e achegas realizadas e dereitos dos que son titulares?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:54:19
Nº Rexistro: 46820
Data envío: 20/01/2026 13:54:19.206

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:53:53**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2026 13:54:00**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:54:06**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:54:19
Nº Rexistro: 46820
Data envio: 20/01/2026 13:54:19.206

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:54:20

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:55:20
Nº Rexistro: 46824
Data envio: 20/01/2026 13:55:20.216

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de incorporar nos centros educativos a categoría de Psicoloxía Educativa, para atender a saúde mental e o benestar psicolóxico do alumnado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No informe da auditoría do Consello de Contas sobre as actuacións do SERGAS no ámbito da saúde mental resaltaba o crecemento no consumo de ansiolíticos e antidepresivos por parte dos menores de 19 anos, que incrementaran a súa prescrición nun 52% entre 2019 e 2023**.** Son máis de 11.000 nenos, nenas e adolescentes ata os 15 anos que consomen este tipo de tratamentos cada día en Galicia.

Unha das maiores contribucións da psicoloxía educativa é a prevención, a capacidade de abordar problemáticas en estadios temperáns e evitar que se convertan en trastornos con consecuencias máis graves. Esta intervención permite detectar precozmente alteracións emocionais, condutuais, sociais ou de aprendizaxe e actuar antes de que se cronifiquen. Isto protexe o benestar do alumnado e reduce o gasto futuro por intervencións sanitarias, absentismo ou fracaso académico.

A psicoloxía educativa promove a saúde psicolóxica dende a base, dentro da aula e no día a día do alumnado. Ademais, contribúe activamente á prevención do acoso escolar, das violencias machistas, dos trastornos da conduta alimentaria, das autolesións ou da conduta suicida. Tamén mellora a convivencia, a resolución de conflitos, a mediación, a inclusión do alumnado con necesidades específicas; ao tempo que asesora ás



Asinado o día 20/01/2026 ás 13:55
Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:55
Por Cristina Fernández Davila
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:55:20
Nº Rexistro: 46824
Data envio: 20/01/2026 13:55:20.216

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

familias e docentes. Participa na planificación de programas de educación emocional ou de adaptación curricular, ofrecendo asesoramento aos equipos docentes e ás familias, axudando a manexar situacións complexas e a adaptar estratexias para alumnado con trastornos de conduta ou dificultades por trastornos de aprendizaxe ou neurodiverxentes, como o TDAH, o TEA, a dislexia ou a discalculia, entre outros.

É un reforzo en situacións de especial vulnerabilidade, como son as situacións de dó. De feito, na actualidade, cando ocorre un episodio crítico relacionado cun centro educativo (por exemplo, un falecemento ou un accidente grave que impacta seriamente na comunidade educativa), é o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, o GIPCE, que intervén nesta circunstancia ao abeiro dun convenio co 112. Unha intervención breve e limitada ao contexto da emerxencia, que debería ser atendida e obxecto de seguimento por un perfil da psicoloxía educativa que tivese un vínculo coa comunidade educativa e coñecese as súas necesidades.

Numerosos estudos internacionais e tamén nacionais, como o Estudo PSIcE, sobre a psicoloxía baseada na evidencia en contextos educativos, promovido polo Consejo General de la Psicología de España e no que participou o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), teñen demostrado a importancia e a utilidade de promover o benestar psicolóxico e a prevención dos problemas de saúde mental en nenos, nenas e adolescentes, como un compoñente esencial na saúde das persoas, presente e futura.

Noutros países europeos hai anos que este perfil ten o seu espazo propio no sistema educativo, onde se atende o benestar psicolóxico como un elemento básico para unha aprendizaxe eficaz e integral da persoa. No caso galego, non está recollido este perfil e outros, como o da orientación educativa ou o da coordinación de benestar, non teñen as mesmas competencias e presentan limitacións, como é a formación específica e a capacitación para intervir en problemas de tipo psicolóxico ou, malia ter a titulación e formación acaída, a carga laboral excesiva que sufren polas altas ratios e o número



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:55:20
Nº Rexistro: 46824
Data envio: 20/01/2026 13:55:20.216

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

elevado de alumnado con diversidade, fai imposible que poidan asumir plenamente estas funcións concretas. A psicoloxía educativa sería un recurso fundamental que reforzaría os departamentos de orientación, xa que na actualidade están atendendo casos de risco suicida tamén nos primeiros cursos da educación Primaria.

O mesmo COPG, despois de levar reclamando a implantación desta figura dende o 2009 e ante os datos tan alarmantes do informe do Consello de Contas, ven de facer declaracións aos medios de comunicación neste sentido o pasado 9 de maio, lanzando un chamamento urxente a administración educativa para a integración de políticas de saúde mental nos centros de ensino que estean executadas e lideradas por profesionais da psicoloxía, como disciplina científica experta no ámbito da conduta humana, das emocións, do desenvolvemento evolutivo, dos factores de risco psicosocial e con capacidade para detectar precozmente trastornos, así como para aplicar técnicas de intervención de xeito individual e grupal, con seguridade e de acordo cun código ético e deontolóxico.

A psicoloxía educativa traballa desde un enfoque integral e preventivo, que ademais de contemplar as dificultades académicas, incorpora aspectos emocionais, sociais e familiares que afectan ao rendemento e á saúde mental do alumnado. Polo tanto, non interfire con outros perfís educativos xa presentes no centro, senón que os complementa a través da intervención psicolóxica que só pode ser realizada por profesionais da psicoloxía.

Por outra banda, investir en saúde mental nas escolas, colexios e institutos non é un gasto, senón unha aposta pola saúde e futuro do alumnado e un aforro importante en medicación e recursos sanitarios. Polo tanto, a Xunta de Galicia ten a responsabilidade de atender esta demanda amplamente compartida pola comunidade educativa e recoñecer de xeito normativo este perfil como estrutural no ensino.



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:55:20
Nº Rexistro: 46824
Data envio: 20/01/2026 13:55:20.216

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Un alumnado emocionalmente estable rende mellor, presenta menos conflitos e desenvolve competencias clave para a súa vida adulta. O benestar psicolóxico dos nenos, nenas e adolescentes debe ser unha prioridade no sistema educativo galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai o Goberno da Xunta de Galiza incorporar de xeito estrutural e integrada nos departamentos de orientación, a figura do psicólogo ou psicóloga educativa nos centros de ensino, tendo en conta os informes dos Departamentos de Orientación sobre as necesidades de cada centro, como parte esencial do sistema educativo responsable de atender a saúde mental e o benestar psicolóxico do alumnado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:55:20
Nº Rexistro: 46824
Data envio: 20/01/2026 13:55:20.216

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 13:55:01

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2026 13:55:08

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:55:20
Nº Rexistro: 46824
Data envio: 20/01/2026 13:55:20.216

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:55:21

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:56:35
Nº Rexistro: 46828
Data envío: 20/01/2026 13:56:35.848

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ampliación da planta xudicial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe estatístico do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre a entrada, resolución e número de asuntos en tramitación nos diferentes órganos xurisdicionais de Galiza reflicte un importante incremento na degradación do funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Os órganos xudiciais galegos pecharon o ano 2023 con máis de 196.200 asuntos en tramitación, isto é, un 17,40% máis que no exercicio precedente. O número de asuntos pendentes é o máis elevado da historia recente, case un 30% superior ao do ano 2018 cando a administración de xustiza viviu unha folga das funcionarias que durante máis de 4 meses tivo paralizados os xulgados e tribunais de Galiza; ou tamén moito superior a número de asuntos en tramitación no ano 2020, no que a actividade xudicial ficou paralizada por mor da pandemia de COVID 19.

O incremento do número de asuntos pendentes atinxe á totalidade dos ordes xurisdicionais, tanto ao civil, como o penal, social ou contencioso-administrativo, se ben resulta máis preocupante no orde civil, aínda que posiblemente sexa o do penal o máis susceptíbel de producir unha maior alarma e preocupación social.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:56
Por Óscar Insua Lema

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:56
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:56:35
Nº Rexistro: 46828
Data envio: 20/01/2026 13:56:35.848

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O número de asuntos civís en tramitación, por primeira vez, supera ampliamente os 100.000, case duplicando os asuntos que había pendentes no ano 2009, cando eran de algo máis de 64.000.

Como é ben coñecido e por moita que sexa a cualidade técnica e profesional das funcionarias e traballadoras xudiciais, unha Xustiza lenta non é xusta, e actualmente son moitos os partidos xudiciais que precisarían de todo un ano de traballo sen entrada de novos asuntos para poñerse ao día nos procedementos civís. Sendo os casos máis reveladores, aínda de infelizmente non os únicos, os dos partidos xudiciais de Viveiro, Ribeira, Sarria ou Carballo, por citar só algúns casos de partidos xudiciais ubicados fora das sete cidades máis poboadas da Galiza.

Aínda que o incremento da planta xudicial para axustala as necesidades da poboación galega non é a única medida necesaria para solucionar o problema da pendencia nos órganos xudiciais galegos, a escasa creación de unidades nos últimos 15 anos é unha das causas que provoca o atasco que actualmente padece a administración de xustiza en Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é a causa do extraordinario incremento do número de asuntos pendentes nos órganos xurisdicionais galegos?

Ten previsto a Xunta de Galiza trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de creación de novas unidades xudiciais?

No seu caso, cantas e que concretas unidades?

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas medidas foron consesuadas ou debatidas cos operadores xudiciais e coa representación da traballadoras da Administración de Xustiza en Galiza?

Que medidas de apoio e reforzo de persoal ten implementado a Xunta de Galiza nos últimos 10 anos e cada concreto órgano xudicial de Galiza?

Considera a Xunta abondas as competencias e facultades que ten atribuídas Galiza en materia de planta e demarcación xudicial?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:56:35
Nº Rexistro: 46828
Data envio: 20/01/2026 13:56:35.848

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2026 13:56:12**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 13:56:20**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:56:35
Nº Rexistro: 46828
Data envio: 20/01/2026 13:56:35.848

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:56:36

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:58:43
Nº Rexistro: 46834
Data envío: 20/01/2026 13:58:43.256

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Iria Taibo Corsanego**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre sobre o papel do Goberno Galego na demanda ao Goberno Central verbo da creación dun Punto de Coordinación Transfronteiriza na fronteira galego-portuguesa no marco do Regulamento 2025/925 do Parlamento Europeo e do Consello relativo a un instrumento para o desenvolvemento e o crecemento das rexións fronteirizas (BRIDGEforEU).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza e o Norte de Portugal están unidos por uns lazos históricos, culturais, sociais e económicos moi estreitos, resultantes dunha longa compartición de territorios, tradicións e identidades. Estes lazos seguen hoxe en día facendo do seu espazo transfronteirizo un dos máis dinámicos no económico e no social de toda a UE, sendo significativo que o tránsito de vehículos entre Galiza e Portugal iguala ao do resto da fronteira que o país luso ten co Estado español.

Existindo estas relacións tan estreitas, faise preciso dotarnos de instrumentos que melloren a prestación de servizos compartidos, de planificación de infraestructuras e de rexeración ambiental mentres se avanza na superación das barreiras administrativas existentes nas zonas transfronteirizas.

As diferenzas de desenvolvemento que experimentan os territorios fronteirizos poden atribuírse a barreiras fundamentais, moitas veces estruturais, ás que se enfrontan, incluíndo obstáculos lexislativos, regulamentarios e territoriais-administrativos, así como

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:58
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:58
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:58:43
Nº Rexistro: 46834
Data envio: 20/01/2026 13:58:43.256

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ás diferenzas normativas en materia de impostos, tarifas e estándares teñen un impacto significativo nas empresas situadas en territorios transfronteirizos.

A cidadanía, as empresas e as administracións públicas destas rexións enfróntanse a desafíos derivados de diferentes estándares técnicos, procedementos administrativos e marcos legais a ambos lados da fronteira. Isto afecta o desenvolvemento de infraestruturas transfronteirizas ou de proxectos de servizos públicos, como o acceso á sanidade e aos servizos de emerxencia, a coordinación da resposta ante desastres ou os proxectos de infraestrutura conxuntos. Abordar estes obstáculos mellorará o funcionamento do mercado único da UE e proporcionará un mellor acceso a servizos e oportunidades económicas tanto para a cidadanía como para as empresas.

Estímase que, se abordáramos tan só o 20 % dos obstáculos legais e administrativos existentes, o PIB das rexións fronteirizas aumentaría un 2 % e crearíanse máis de un millón de empregos. Estas cifras poñen de manifesto a necesidade urxente de establecer e reforzar mecanismos de gobernanza que apoien o crecemento socioeconómico, melloren a prestación de servizos públicos e incrementen a calidade de vida nas rexións fronteirizas.

O recentemente aprobado Regulamento 2025/925 do Parlamento Europeo e do Consello relativo a un instrumento para o desenvolvemento e o crecemento das rexións fronteirizas (BRIDGEforEU) do que foi co-relatora a eurodeputada galega do BNG, Ana Miranda Paz, establece un marco de coordinación que fixa as disposicións xerais e mecanismos procedementais para que os Estados membros poidan abordar un obstáculo que dificulte a planificación, o desenvolvemento, a dotación de persoal, o financiamento ou a execución dun proxecto conxunto da UE nun contexto transfronteirizo.

O Regulamento BRIDGEforEU ofrece unha oportunidade histórica para mellorarmos as relacións económicas, sociais e culturais entre Galiza e o norte de Portugal. O establecemento do Regulamento BRIDGEforEU vai permitir os habitantes de ámbolos dous lados da Raia de poderen iniciar procedementos para resolver obstáculos



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:58:43
Nº Rexistro: 46834
Data envio: 20/01/2026 13:58:43.256

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

administrativos e legais que dificulten ou aumenten o custo de vida por mor de viviren nun territorio transfronteirizo con fondos lazos históricos, culturais e lingüísticos como a fronteira galego-portuguesa.

Dito Regulamento inclúe a posibilidade de establecer Puntos de Coordinación Transfronteiriza, un novo servizo que avaliará as solicitudes dos actores locais sobre obstáculos potenciais e actuará de ligazón coas autoridades dos Estados Membros para abordalos.

Cómpre que Galiza, como nación ligada a Portugal, conte cun destes puntos de coordinación, os cales poden supoñer un avance na superación de barreiras administrativas entre os dous países, o galego e o portugués; e non é menos importante que dito punto de coordinación teña unha ubicación axeitada no treito internacional do río Miño por ser esta unha zona de alto intercambio social, económico, cultural e de coperación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Dentro das súas competencias, cal vai ser a estratexia do Goberno de Galiza co fin de superar as barreiras administrativas na zona transfronteiriza entre Galiza e Portugal?

- Cando ten a intención o Goberno Galego de demandar ao Goberno Central un Punto de Coordinación Transfronteiriza para Galiza?

- Que está a facer a o Goberno Galego, dentro das súas competencias, para garantir que os fondos INTERREG cheguen aos concellos transfronteirizos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:58:43
Nº Rexistro: 46834
Data envio: 20/01/2026 13:58:43.256

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/01/2026 13:58:23

Iria Taibo Corsanego na data 20/01/2026 13:58:29

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:58:43
Nº Rexistro: 46834
Data envio: 20/01/2026 13:58:43.256

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:58:44

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46840
Data envío: 20/01/2026 14:00:27.289

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade urxente de tomar as medidas precisas para conseguir o éxito escolar entre o alumnado da comunidade xitana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de maio, representantes da Fundación Secretariado Gitano, entre a que se atopaba a súa Directora Xeral, Sara Jiménez, presentaban no Parlamento Galego a todos os grupos parlamentares un estudo realizado pola Fundación entre setembro de 2022 e setembro 2023. Todo un ano no que recabaron datos moi duros que mostran a situación educativa na que se atopa inmerso a maior parte do alumnado do Pobo Xitano.

Este estudo reflicte unha radiografía clara dunha brecha de desigualdade fronte ao resto do alumnado no Estado e tamén na Galiza; unha incorporación tardía e menor no sistema educativo; repetición de curso por primeira vez en idade moi temperá, xa en terceiro de primaria; alta taxa de abandono escolar na etapa secundaria, chegando ás etapas postobrigatorias en moi poucos casos.

Por outra banda, as familias xitanas temen que unha maior inmersión educativa dos seus fillos e fillas sexa incompatible co mantemento da súa identidade e formación como pobo; o nivel de instrución educativa nos fogares é baixo e dispoñen de menos recursos educativos, sobre todo no ámbito dixital.

Malia isto, estase a producir un cambio no seu pensamento e moitas familias te-ñen expectativas laborais que pasan por aumentar o seu nivel de estudos. A mocidade



Asinado o día 20/01/2026 ás 14:00
Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 20/01/2026 ás 13:59
Por Cristina Fernández Davila
CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46840
Data envio: 20/01/2026 14:00:27.289

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xitana quere mellorar as súas condicións de vida e as mulleres xitanas pulan con forza por acadar cambios que pouco a pouco calan na súa comunidade.

É evidente, polo tanto, que algo está a mudar na sociedade en xeral e na comunidade xitana en concreto, dándose as circunstancias necesarias para avanzar nunha maior inclusión deste alumnado nos centros educativos. Unha débeda social que debemos saldar canto antes para facer que todas as nenas, nenos e adolescentes xitanos poidan saír da situación de pobreza na que se atopan, mediante o avance no ámbito educativo e a inserción laboral posterior.

O sistema educativo galego, a través da aplicación da actual Lei de Educación, das directivas europeas de 2013, así como da Estratexia Nacional para a Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030, xunto coa aplicación de boas prácticas realizadas, no ámbito da inclusión e igualdade do alumnado xitano, en distintos centros educativos galegos, deben servir como base e impulso para conseguir os avances que precisan para mellorar estes datos de desigualdade absoluta con respecto ao resto do alumnado.

É fundamental trazar un plan de choque a longo prazo de apoio e reforzo ao alumnado xitano que permita reverter o fracaso e abandono escolar. Este plan debe corrixir a desigualdade e brecha educativa entre a mocidade xitana e o resto da mocidade.

Debe ser prioritario para a administración educativa, promocionar e difundir entre a comunidade os beneficios de escolarizar aos nenos e nenas no sistema educativo na primeira etapa de educación infantil, ofertar un servizo próximo ás súas vivendas, totalmente de balde e facendo un acompañamento dende o primeiro momento.

Por último, é absolutamente necesario rematar coa segregación do alumnado xitano nos centros educativos e poñer en marcha iniciativas que permitan coñecer entre o alumnado xeral a cultura, costumes e tradicións do Pobo Xitano. Só a través do coñece-



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46840
Data envio: 20/01/2026 14:00:27.289

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mento mutuo e da tolerancia podemos chegar a unha inclusión real do colectivo, sen esquecer aqueles recursos materiais e humanos que van permitir que realmente se avance.

A este respecto a Consellería de Educación ven de aprobar e publicar as Unidades Didácticas sobre Historia e Cultura do Pobo Xitano que presentou o pasado mes de abril, polo tanto, agora a Consellería debe garantir que o profesorado as coñeza e as use.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, poñer en marcha un plan específico de orientación, apoio e reforzo educativo en todos os centros escolares galegos, continuado e a longo prazo para reverter a situación de fracaso e abandono educativo do alumnado xitano?

2.- Vai a Consellería de Educación garantir a incorporación gratuíta de toda a poboación xitana á educación infantil, para evitar a desvantaxe educativa en idades temperás e compensar a situación na que se atopa boa parte da poboación xitana, dotando de prazas de 0 a 3 anos na proximidade das zonas nas que habita a comunidade?

3.- Vai reverter a concentración e segregación educativa, poñendo en marcha políticas correctoras que aseguren unha distribución equilibrada do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa ou con necesidade específica de apoio educativo, garantindo unha ensinanza de calidade nunha contorna plural e diversa que evite situacións de concentración?



CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46840
Data envio: 20/01/2026 14:00:27.289

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Vai a Consellería impulsar as Unidades Didácticas sobre Historia e Cultura do Pobo Xitano que presentou o pasado mes de abril garantindo que, unha vez publicadas, o profesorado as coñeza e as use?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46840
Data envio: 20/01/2026 14:00:27.289

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2026 13:59:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2026 14:00:04**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46840
Data envio: 20/01/2026 14:00:27.289

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 14:00:28**

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
1.1.1. NORMAS APROBADAS
1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
1.2.1. INVESTIDURA
1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
1.3.5. MOCIÓNS
1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
1.4.3. INTERPELACIÓNS
1.4.4. PREGUNTAS
1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS


CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-TFjHMS4zm-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/